

Memoria 04

Fundación GALICIA EUROPA

Fundación GALICIA EUROPA



Memoria





O ano 2004 foi especialmente intenso no que ao proxecto europeo se refire, e a Fundación Galicia Europa soubo estar novamente á altura do que dela se espera. Durante o pasado exercicio materializouse a meirande ampliación da Unión dende que se puxera en marcha a primeira das Comunidades no 1951. E, por se con iso non abundara, pechouse ademais un acordo constituínte sen precedentes entre todos os Estados que integran a Unión.

Europa medra e móvese cara ao seu obxectivo político. Non hai pois visos desa esclerose da que se falaba noutros tempos e circunstancias. Daquela, Galicia non pode bai-

xar o seu ritmo de adaptación ao marco europeo e de converxencia cos seus fundamentais indicadores. Nesta empresa o labor da nosa Fundación resulta impagable e insubstituíble.

Pero é que, ademais, neste contexto asistimos a unha reformulación da participación das Comunidades Autónomas na formación da vontade do Estado no concernente aos asuntos europeos. Neste eido en concreto, Galicia quere, pode e debe erixirse en protagonista e voceiro de referencia, porque representa o atinado equilibrio entre a defensa a ultranza dos intereses autonómicos e a máis completa lealdade constitucional e institucional.

Para nós a europeidade é a extensión natural da nosa inequívoca españolidade e a confirmación da nosa intrínseca galegitude. Galicia ha ser máis dona de seu canto máis aberta o sexa a súa sociedade e a súa economía. O peche sobre nós mesmos só nos conduciría a unha estéril anoxia e, ao cabo, a nosa desaparición como suxeito político relevante no concerto continental.

Neste novo contorno de maior Europa, de mellor Europa e de superior participación nos temas europeos, a Fundación ten que desenvolver –por bagaxe e vocación- un papel crucial, cal é o de enxergar os esforzos conxuntos da Administración autonómica e os da sociedade civil. O proxecto europeo nunca foi un deseño exclusivamente público, senón que precisou e precisa do pulo dos operadores privados e dos axentes sociais en xeral. De aí a necesidade por nos dotar de estruturas flexibles como esta Fundación.

O balance non pode ser logo máis sobresaínte. Temos encarreirada a Galicia na boa dirección e agora cómprenos perseverar para que despunte na liga das rexións europeas, para que demostre o senso da reivindicación construtiva, que non é outra que a sustentada no xogo de suma positiva que debe ser Europa. Nós reclamamos para Galicia o que tamén resulta complementario para outras terras da Unión, porque sabemos que esta é a única estratexia intelixente cando se trata de participar nunha empresa colectiva e sen data de caducidade.

Ogallá que iniciativas como a que encarna esta Fundación, co seu equipo humano, coas entidades que constitúen o seu Padroado e mailas súas institucións colaboradoras, sirvan tamén como modelo dunha nova cultura da cooperación cara ao exterior. Precisamos dun consenso básico no escenario europeo e internacional para incrementar a nosa presenza e peso específico, para nos significar como modelo de país dacabalo entre América e Europa, orgulloso da súa personalidade e do seu irrevocable encaixe en España, e exemplo do engarce transfronteirizo cos irmáns portugueses. Se mantemos o rumbo, coa axuda de ferramentas como as que nos proporciona a Fundación Galicia Europa, sen dúbida habémolo conquistar.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente da Xunta de Galicia

Presidente do Padroado da Fundación Galicia Europa



Durante o ano 2004 Europa experimentou algúns dos seus maiores e máis trascendentais cambios de todos os que protagonizou ao longo das súas case seis décadas de existencia. Refírome ao proceso de ampliación cara o centro e leste de Europa, sen comparación en termos cuantitativos e de significancia política, e á sinatura do Tratado que establece unha Constitución para Europa, auténtica chave de bóveda da unión política entre os Estados membros.

A Fundación Galicia Europa, como non podía ser doutro xeito, fixo ao longo deste ano especial fincapé nestes dous procesos que agora cristalizan, tanto difundindo o coñecemento destas realidades ao conxunto da sociedade galega como participando con contribucións propias ao debate sobre estas dúas cuestións de tan gran calado para Galicia e Europa.

Respecto á adhesión dos dez novos socios do clube comunitario, cómpre subliñar a celebración en Santiago de Compostela a pasada primavera da Feira da Ampliación, onde os cidadáns puideron obter de primeira man información sobre os países que xa integran a Europa dos 25, así como información das actividades da Fundación e dos recursos ao seu alcance.

Continuouse asemade co desenvolvemento dos Almorzos de traballo da Fundación Galicia Europa, que tan boa acollida tiveron o pasado exercicio, grazas á colaboración dos membros do seu Consello Asesor e ao interese dos medios de comunicación, que cada vez amosan unha maior sensibilidade cara aos temas europeos.

En relación á Constitución Europea, a Fundación Galicia Europa deseñou unha campaña informativa que abrangueu diversas actuacións. Así, non quixemos

perder a oportunidade de ser a primeira en traducir á lingua galega o texto do Tratado constitucional e difundilo de xeito masivo e gratuíto entre todos os interesados. Así mesmo procedeuse á realización dunha edición especial da nosa publicación mensual, o Boletín Galicia Europa, consagrada exclusivamente á Constitución Europea con artigos asinados por personalidades de renome da esfera política comunitaria.

Noutra serie de eidos, a Fundación continúa coa súa sensibilidade cara aos máis cativos, co xa asentado concurso de pintura “¿Que é para ti Europa?” e con outras actividades de novo selo, como o bus informativo “Percorrendo as vilas de Europa”, pensado para público de todas as idades.

Tamén tentamos tender pontes entre os distintos niveis da administración, a través dos Cursos de programas comunitarios de especial incidencia nas corporacións locais, para que a administración galega poida optimizar os recursos que están á súa disposición.

A Fundación Galicia Europa tamén foi sede neste ano do encontro dos directores das Oficinas rexionais das Comunidades Autónomas en Bruxelas, foro no que a sinerxia entre estes órganos contribúe a una maior presenza e capacidade de influencia das entidades subestatais na escena europea.

En suma, falo en nome do equipo de persoas que, tanto en Santiago como en Bruxelas, formamos a Fundación Galicia Europa, cando expreso o desexo de continuar co traballo que vimos realizando para asentar a realidade europea nesta a nosa terra e para seguir construíndo unha Europa na que todos os galegos nos sintamos identificados.

Jesús M^a Gamallo Aller

Secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e
Cooperación Exterior

Director apoderado xeral da Fundación Galicia Europa

1. A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA	9
1.1 A Fundación Galicia Europa e os seus obxectivos	11
1.2 Composición da Fundación Galicia Europa: Entidades membros, Padroado e Consello Asesor	15
1.3 Organigrama	23
1.4 Convenios con outras entidades	33
2. FORMACIÓN	39
2.1 Bolsas	41
2.2 Cursos, seminarios e xornadas	47
2.3 Actividades dirixidas á xuventude	59
3. INFORMACIÓN E PUBLICACIÓNS	75
3.1 Información	77
3.1.1 Prioridades temáticas	78
3.1.2 Informes periódicos	105
3.1.3 Consultas	111
3.2 Publicacións	119
3.3 Páxina web	123
3.4 Actividades desenvolvidas polo Consello Asesor	125

4. OUTRAS ACTIVIDADES 131

4.1 Participación autonómica no Consello da Unión Europea 133

4.2 Comité das Rexións 135

4.3 Colaboración entre as Oficinas Rexionais españolas
en Bruxelas (CORE) 139

4.4 Promoción de Galicia en Bruxelas 149

4.5 Organización e atención de visitas a Bruxelas 157

5. AXENDA 2005 165

6. EUROPA EN GALICIA. ¿QUEN É QUEN? 171

1

A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

1.1

A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA E OS SEUS OBXECTIVOS

A **FUNDACIÓN GALICIA EUROPA** é unha entidade sen ánimo de lucro creada para a promoción de todas as accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa. A Fundación Galicia Europa naceu en 1988 e no seu seo aglutina a diversas entidades públicas e privadas galegas. Esta entidade está aberta á colaboración de todas aquelas institucións representativas da vida económica e social de Galicia que persigan os seus mesmos fins.

Os **obxectivos** da Fundación Galicia Europa pasan por contribuír á formación europea de mozos e profesionais galegos, difundir información de interese para a sociedade galega sobre a Unión Europea, canalizar a xestión de intereses galegos en Europa e promover a cultura e a economía da nosa Comunidade Autónoma no ámbito europeo a través de diversas actividades, todo isto co propósito de apoiar o desenvolvemento exterior de Galicia.

Os **piares** sobre os que se sostén a actividade da Fundación Galicia Europa son a **información, asesoramento e xestión**, a **formación** e a área de **publicacións** relacionadas coa Unión Europea e de interese para Galicia.

No ámbito da **información, asesoramento e xestión**, a Fundación Galicia Europa cumpre coa misión de proporcionar información sobre os máis variados aspectos da Unión Europea que os cidadáns galegos requiran. Este servizo lévase a cabo a través das súas oficinas en Santiago e Bruxelas.

A distribución interna de competencias permite á Fundación Galicia Europa atender eficazmente todas as consultas relacionadas con temas de interese para a comunidade galega que xurdan dentro do ámbito comunitario. Ademais, dentro da súa actividade ordinaria a Fundación Galicia Europa leva a cabo un seguimento das políticas comunitarias coa finalidade de dispoñer da capacidade necesaria de resposta para defender adecuadamente os intereses de Galicia perante as institucións comunitarias.

Pola súa presenza física en Bruxelas, a Fundación Galicia Europa está capacitada para prestar apoio a Galicia en todos os foros nos que as rexións e municipios teñen voz propia, como o Comité das Rexións. Entre as súas funcións figura, ademais, un labor asistencial aos funcionarios galegos que participan nos comités da Comisión Europea e a orientación aos diversos colectivos ou entidades galegas interesados en participaren en programas comunitarios.

Polo que respecta ao ámbito da **formación**, a Fundación Galicia Europa ten como obxectivo achegar a realidade europea á sociedade galega e promover a formación en materia comunitaria. Para isto organiza e patrocina cursos e seminarios nos que se expoñen e discuten os aspectos concretos das políticas comunitarias que teñen unha maior repercusión para Galicia.

A Fundación Galicia Europa financia, así mesmo, cada ano unha serie de bolsas en centros universitarios europeos para a ampliación de estudos en temas comunitarios. Estas axudas van dirixidas a estudantes que desexen completar a súa formación académica. A Fundación concede tamén bolsas cunha función puramente formativa, para a realización de prácticas nas institucións europeas ou nas súas propias oficinas, tanto en Santiago como en Bruxelas.

Na área formativa a Fundación Galicia Europa tamén participa activamente no Plan de Formación de Funcionarios en temas de ámbito internacional que leva a cabo a Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Polo que se refire ás súas **publicacións**, a Fundación Galicia Europa persegue neste campo poñer ao alcance de todos os galegos a información necesaria en materia comunitaria, a través do seu labor divulgativo baseado principalmente en publicacións que a Fundación Galicia Europa elabora directamente como un servizo propio ou naquelas outras nas que participa como patrocinadora.

Entre estas publicacións encóntranse o *Boletín Galicia Europa*, unha revista mensual, a colección *Monografías*, a *Normativa Comunitaria* ou a publicación doutros textos básicos da UE.

O ***Boletín Galicia Europa*** é unha revista mensual de ampla difusión na que se recolle a actualidade europea e a súa repercusión en Galicia. Na súa redacción participan as oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela e Bruxelas, xunto coa Rede de Información Europea en Galicia.

A colección ***Monografías*** abrangue estudos sobre os grandes temas europeos de interese xeral.

En canto á colección ***Normativa Comunitaria***, esta trata de sistematizar por grandes áreas temáticas a lexislación da UE. No 2004 cómpre destacar a edición en galego do texto do *Tratado que establece unha Constitución para Europa*, que saíu á luz acompañado dunha guía básica aclaratoria coas principais novidades que introduce.

1.2

COMPOSICIÓN DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA: ENTIDADES MEMBROS, PADROADO E CONSELLO ASESOR

ENTIDADES MEMBROS

As entidades membros da Fundación Galicia Europa son as seguintes:

a) ENTIDADES MEMBROS CON REPRESENTACIÓN NO PADROADO:

Entidades membros fundadoras:

- Xunta de Galicia
- Banco Pastor
- Caixa de Aforros de Galicia
- Caixanova

Entidades membros adheridas:

(integráronse con posterioridade á constitución da Fundación)

- Consorcio Zona Franca de Vigo
- Cámaras galegas de Comercio, Industria e Navegación

b) ENTIDADES MEMBROS SEN REPRESENTACIÓN NO PADROADO:

Entidades membros asociadas:

- Deputación de A Coruña

- Deputación de Pontevedra
- Deputación de Ourense

PADROADO

O Padroado é o órgano de representación, goberno e administración da Fundación Galicia Europa. Está presidido polo presidente da Xunta de Galicia e integrado por representantes das entidades membros que compoñen a Fundación Galicia Europa.



Presidente e membros do Padroado no transcurso da reunión mantida

MEMBROS DO PADROADO DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

PRESIDENTE:

- Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne, presidente da Xunta de Galicia.

VICEPRESIDENTES:

- Sr. D. Vicente Arias Mosquera, vicepresidente do Banco Pastor.
- Sr. D. José Rodríguez Reza, vicepresidente primeiro do Consello de Administración da Caixa de Aforros de Galicia.

SECRETARIO XERAL:

- Excmo. Sr. D. Jaime Pita Varela, conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia.

TESOUREIRO:

- Excmo. Sr. D. José Antonio Orza Fernández, conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

VOCALIS:

- Excmo. Sr. D. Juan Rodríguez Yuste, conselleiro de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia.
- Excmo. Sr. D. José Antonio Santiso Miramontes, conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia.
- Excmo. Sr. D. Enrique César López Veiga, conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia.
- Sr. D. José Luis Méndez López, director xeral da Caixa de Aforros de Galicia.

- Sr. D. Xullo Fernández Gayoso, director xeral de Caixanova.
- Sr. D. Guillermo Alonso Jáudenes, presidente do Consello de Administración de Caixanova.
- Sr. D. Fernando Díaz Fernández, director xeral do Banco Pastor.
- Sr. D. Jesús Asorey Carril, representante das Cámaras de Comercio de Galicia.
- Sr. D. Francisco López Peña, delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

GRUPO DE TRABAJO:

- **Caixa de Aforros de Galicia:** Sr. D. Miguel Viu Pereira
- **Banco Pastor:** Sr. D. Gabriel Arias Sánchez
- **Caixanova:** Sr. D. Antonio Gómez Rivera
Sra. D^a. Dolores Montero Vilariño
- **Cámara de Comercio de Santiago:**
Sr. D. Fernando Barros Fornos
- **Consorcio Zona Franca de Vigo:**
Sr. D. Santiago López-Guerra Román
- **Xunta de Galicia:** Representantes da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior

O PADROADO da Fundación Galicia Europa reúnese durante o primeiro trimestre de cada ano con obxecto de aprobar a liquidación do orzamento ordinario, a xestión económica e a memoria das actividades correspondentes ao exercicio anterior, así como o programa de actividades e o orzamento do seguinte exercicio. No 2004, esta reunión tivo lugar o 29 marzo na oficina da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela.

CONSELLO ASESOR



Os membros do Padroado analizando a documentación presentada

Dende a creación da Fundación Galicia Europa fóronse incrementando o número de partícipes, recursos humanos e financeiros ao seu redor, que coaduxeron a establecer as condicións mínimas para cumprir coas súas competencias na proxección e presenza de Galicia nos foros e debates que se producen no ámbito comunitario.

O 29 de marzo de 2001, o Padroado da Fundación Galicia Europa, reunido en sesión ordinaria, decidiu dotar á Fundación Galicia Europa dun CONSELLO ASESOR integrado por personalidades de recoñecido prestixio empresarial ou profesional vinculadas por orixe ou actividade a Galicia ou á Eurorrexión. A finalidade primordial deste Consello Asesor da Fundación Galicia Europa é a elaboración de propostas orixinais sobre políticas públicas comunitarias, ademais

da súa promoción e defensa ante foros públicos, previa xestión cos auxilios técnicos precisos e a consulta doutros axentes sociais ou académicos.

A proxección destas propostas precisará da aprobación do Grupo de Traballo da Fundación Galicia Europa, se non puidese reunirse en breve prazo o Padroado. Deste modo o Consello Asesor funciona como unha unidade de apoio sen interferir nas competencias dos órganos estatutarios da Fundación Galicia Europa.

O Consello Asesor garante a presenza de empresarios e profesionais que abranguen áreas de especialización como a Política Agraria Común, a Política Pesqueira Común, a Política Industrial, a Política Monetaria, Rexional e da Cohesión e a Reforma Institucional. O Consello Asesor da Fundación Galicia Europa está constituído por un grupo de notables pertencentes a estas áreas.



Gerardo Fernández Albor, presidente do Consello Asesor da Fundación Galicia Europa

MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN:

- Sr. D. José Manuel Silva Rodríguez, director xeral de Agricultura da Comisión Europea.
- Sr. D. Manuel Gómez-Franqueira Álvarez, director xerente de COREN.

POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN:

- Sr. D. Amancio Landín Jaráiz, director xerente do Centro Tecnolóxico do Mar. Fundación CETMAR.
- Sr. D. José Ramón Fuertes Gamundi, director xerente da Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo (ARVI).
- Sr. D. César Real Rodríguez, director xeral de área de Pescanova.

POLÍTICA INDUSTRIAL:

- Sr. D. José María Fernández Sousa-Faro, presidente de ZELTIA.
- Sr. D. Javier Riera Nieves, director de PSA Citroën.
- Sr. D. José Francisco González Viñas, presidente-director de Hijos de J. Barreiras, S.A.

POLÍTICA MONETARIA, REXIONAL E DE COHESIÓN:

- Sr. D. Guillermo de la Dehesa Romero, presidente de AVIVA Grupo Corporativo, S.L.
- Sr. D. Federico Cañas García-Rojo, secretario xeral de Fadesa Inmobiliaria, S.A.

- Sr. D. Emilio Ontiveros Baeza economista especializado en Política Monetaria, conselleiro delegado de Analistas Financieros Internacional S.A. e catedrático de Economía da Empresa da Universidade Autónoma de Madrid.
- Sr. D. José Terceiro Lomba, experto en Economía Dixital, premio Jaime I de Economía do ano 2000 e conselleiro de ABENGOA.

REFORMA INSTITUCIONAL:

- Sr. D. Jesús María Gamallo Aller, director apoderado xeral da Fundación Galicia Europa.
- Sr. D. José Manuel Sobrino Heredia, catedrático de Dereito Internacional Público na Universidade de A Coruña.

PRESIDENCIA:

- Sr. D. Gerardo Fernández Albor, ex presidente da Xunta de Galicia.

SECRETARIO TÉCNICO:

- Sr. D. José Manuel Blanco González, subdirector xeral de Análise e Programación da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior.

1.3 ORGANIGRAMA

DIRECCIÓN DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Jesús M^a Gamallo Aller

**Secretario xeral de Relacións coa Unión
Europea e Cooperación Exterior**

OFICINA DE SANTIAGO

SECRETARIADO E ADMINISTRACIÓN

M^a Belén Rodríguez Martín

RESPONSABLE ADMINISTRACIÓN

- Persoal.
- Servicios externos e provedores.
- Información, seguimento e asesoramento en materia de bolsas, estudo e formación.
- Control xeral do gasto (seguimento orzamentario).
- Atención ao público.

Gabriela Denise Loreiro Szeliga

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

- Administración do correo.
- Xestión, seguimento e actualización de arquivos e bases de datos da oficina.

- Atención ao público.
- Apoio administrativo en xeral.

EQUIPO TÉCNICO DE INFORMACIÓN E ANÁLISE

Pilar del Oro Sáez

COORDINADORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA XOVES

- Xuventude, Educación e Cultura.
- Política Social e Emprego.
- Programas e axudas comunitarias.
- Cooperación Galicia – Norte de Portugal
- Coordinación Actividades en Santiago
- Coordinación da Rede de Información da Unión Europea en Galicia.
- Coordinación do Boletín Galicia Europa.

Carmen Bullón Caro

TÉCNICO

- Asuntos xurídicos.
- Política de Competencia e Axudas de Estado.
- Conflictos relacionados coa aplicación do Dereito Comunitario en Galicia.
- Relacións con América Latina.
- Participación en Organizacións Interrexionais europeas.



Persoal da Fundación Galicia Europa en proxectos internacionais

BOLSEIROS

Sonia Cordido Méndez

Pedro Peón Torres

- Apoio ao equipo técnico.
- Atención ao público e resposta a consultas.
- Supervisión e corrección de informes periódicos (Europa Quincenal e Europa Mensual).
- Colaboración na edición e coordinación do Boletín Galicia Europa.
- Participación na execución de programas desenvolvidos pola Fundación Galicia Europa.

OFICINA DE BRUXELAS

DIRECCIÓN



Ana Ramos Barbosa

- Dirección e coordinación das áreas e servizos da oficina.
- Relacións co Padroado.
- Relacións co secretario xeral de Relacións coa UE e Cooperación Exterior e director apoderado xeral da Fundación Galicia Europa.
- Representación institucional ante as institucións da Unión Europea.
- Relacións institucionais (Representación Permanente de España perante a UE, Oficinas rexionais europeas en Bruxelas, etc.).
- Relacións cos medios de comunicación.
- Comité das Rexións. Asistente do presidente da Xunta de Galicia neste órgano.
- Persoal e administración.
- Elaboración, seguimento e avaliación do proxecto anual de actividades da Fundación Galicia Europa.

SECRETARIADO E ADMINISTRACIÓN

Renée Avial García

SECRETARIA DE DIRECCIÓN

- Xestión da axenda da directora.
- Xestión e seguimento dos plans de viaxe, desprazamento e aloxamento da directora.

- Administración do correo da directora.
- Xestión e elaboración dos programas de visitas institucionais.
- Axenda semanal das actividades exteriores do persoal da oficina.
- Atención ao público.
- Encargada das relacións cos Centros Galegos en Bélxica.
- Organización de actos, reunións e eventos da Fundación Galicia Europa e doutros organismos galegos en Bruxelas.

Marlène Fernández González

RESPONSABLE ADMINISTRACIÓN

- Persoal.
- Control xeral do gasto (seguimento orzamentario).
- Xestión e seguimento das normas impostas polas institucións belgas.
- Servizos externos e provedores.
- Mantemento de produtos (equipos, material e mercadorías).
- Encargada das relacións cos hoteis.
- Información, seguimento e asesoramento en materia de bolsas, estudo e formación.
- Asesoramento á emigración en Bélxica (acción social).
- Organización de actos, reunións e eventos da Fundación Galicia Europa e doutros organismos galegos en Bruxelas.

Mónica San José Fernández

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

- Xestión, seguimento e actualización das bases de datos da oficina (contactos, consultas e notas informativas).
- Biblioteca.
- Apoio ao persoal en materia de utilización das bases de datos, Internet, correo electrónico.
- Prensa.
- Preparación de “mailings”.
- Preparación dos produtos informativos da oficina.
- Atención ao público.
- Apoio administrativo en xeral.
- Organización de actos, reunións e eventos varios da Fundación Galicia Europa e doutros organismos galegos en Bruxelas

EQUIPO TÉCNICO DE INFORMACIÓN E ANÁLISE

Ángel Catalina Rubianes

- Agricultura e Política de Seguridade Alimentaria.
- Cohesión Económica e Social.
- Política Económica, Financeira e Monetaria.
- Educación.

Europ@Quincenal.

Europ@Mensual.

Sonia Vila Nuñez

- Empresa, Sociedade da Información e Telecomunicacións.
- Competencia.
- Industria.
- Emprego e Política Social.
- Transportes e Enerxía.
- Asuntos de Xustiza e Interior.
- Mercado Interior.
Europ@Quincenal.
Europ@Semestral.

María Jesús Garea Lodeiro

- Pesca.
- Ambiente.
- I+D.
- Saúde Pública e Consumo.
Europ@Quincenal.
Europ@Mensual.

Marcos Martín Pérez

- Cultura e Audiovisual.
- Xuventude e Deporte.
- Relacións Exteriores e Cooperación ao Desenvolvemento.
- Comité das Rexións.

- Asuntos Institucionais.
- Ampliación.
Europ@Quincenal.
Europ@Semestral.

BOLSEIROS

Maruxa Díaz-Cardama García

- Asuntos Institucionais.
- Comité das Rexións.
- Agricultura.
- Ambiente.
- Ampliación.
- Relacións Exteriores.
- Política Comercial Común.
- Política Exterior e de Seguranza Común.
- Elaboración da revista diaria de prensa internacional.
- Elaboración do informe Europa Quincenal.
- Elaboración da revista quincenal de prensa de América Latina.
Boletín Galicia Europa.

Vanessa Lobo Casas

- Cooperación ao desenvolvemento.
- Educación.
- Cultura e Audiovisual.

- Xuventude e Deporte.
- I+D.
- Igualdade de oportunidades.
- Emprego e Asuntos Sociais.
- Elaboración da revista diaria de prensa internacional.
- Elaboración do informe Europa Quincenal.

Alba Mariño Enríquez

- Pesca.
- Saúde Pública e Consumidores.
- Competencia.
- Asuntos de Xustiza e Interior.
- Mercado Interior e Asuntos Xurídicos.
- Elaboración da revista diaria de prensa internacional.
- Elaboración do informe Europa Quincenal.

Óscar Rodríguez Díaz

- Política Rexional.
- Asuntos Económicos e Financeiros.
- Transportes e Enerxía.
- Telecomunicacións.
- Elaboración da revista diaria de prensa internacional.
- Elaboración do informe Europa Quincenal.

1.4 CONVENIOS CON OTRAS ENTIDADES.....

CONVENIO COA CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

A Fundación Galicia Europa mantén, dende maio de 1997, un Convenio de colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para o desenvolvemento de actividades de información e documentación para mozos a través da Oficina de Información Europea para Xoves, creada en virtude dese Convenio.

Dende a súa creación, o traballo da Oficina de Información Europea para Xoves foi moi amplo. Os primeiros pasos déronse a través de publicacións como “Recursos da Unión Europea para a Xuventude” ou mediante proxectos como “Amsterdam, por unha consolidación da Unión” ao abeiro do programa europeo PRINCE. Esta oficina vén desenvolvendo, ademais, un importante labor de información aos mozos galegos. Dispón dunha páxina web de información e promove cursos de formación. No que atinxe á súa función de resolución de consultas, no ano 2004 a Oficina atendeu persoalmente a todos aqueles mozos e mozas que a ela se achegaron, superando o total de 12.000 consultas tramitadas entre as atendidas na Oficina e as atendidas a través da páxina web.

A Oficina de Información Europea para Xoves está pois a disposición da xuventude galega para calquera consulta relacionada cos eidos que lles preocupan e que teñan unha fonda relación coas competencias que a Unión Europea desenvolve. Destacan entre eles: as bolsas de estudos, as prácticas nas institucións europeas,

ou financiamento comunitario a través de proxectos comunitarios como Xuventude, Leonardo ou Sócrates, entre moitos outros.

Durante o 2004 a colaboración entre a Fundación Galicia Europa, a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e a Oficina de Información Europea para Xoves intensificouse notablemente froito da súa implicación en proxectos comúns, que se caracterizaron sobre todo por incluír a participación e o acceso aos mesmos dun gran número de persoas de todo o ámbito xeográfico de Galicia. A xuventude galega foi a principal beneficiaria, aínda que non única, da intensa cooperación no desenvolvemento destes proxectos. Os obxectivos pretendidos incluían á sociedade galega en xeral como destinataria de parte das actividades realizadas no marco dos programas así como receptora dos resultados dos mesmos.

Os proxectos conxuntos executados no 2004 foron dous: “Percorrendo as Vilas de Europa” e o programa “Novos retos e perspectivas. Actuacións en política de xuventude – PARTICIPA¹–”.



Jesús Gamallo Aller presentando o Programa PARTICIPA

¹ O contido destes proxectos preséntase no apartado de “Actividades dirixidas á xuventude”, inserto nesta Memoria 2004.

CONVENIO CO IGAPE E O EIXO ATLÁNTICO

Co obxecto de fortalecer a presenza de Galicia en Bruxelas, a Fundación Galicia Europa desenvolveu de novo convenios con diversas entidades entre as que se encontran o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e a asociación de cidades luso – galaica Eixo Atlántico. Por medio destes convenios, o Eixo Atlántico e o IGAPE poden dispoñer dun bolseiro en Bruxelas que se integra no equipo de traballo da Fundación Galicia Europa, onde conta co apoio necesario para ampliar a súa formación no ámbito comunitario. Estas persoas encárganse de proporcionar ás entidades que as seleccionan información concreta nas áreas do seu interese ademais de colaborar co resto do equipo da Fundación Galicia Europa nestes ámbitos.

Durante o 2004, realizaron unha estadía na Fundación Galicia Europa en representación do Eixo Atlántico as seguintes persoas:

- *Gisela Ferreira Falé*
- *Marlene Teixeira de Almeida*

CONVENIO CO CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICO TESDAI

Froito dun convenio subscrito o 18 de febreiro de 2004 co Centro de Formación Profesional Específico TESDAI situado en Santiago de Compostela, dous mozos procedentes de dito centro realizaron unha estadía en prácticas nas oficinas de Santiago e Bruxelas da Fundación Galicia Europa durante un período de tres meses. As prácticas desenvolvéronse nos correspondentes departamentos de

informática entre o 9 de marzo e o 29 de xuño, e o total de horas realizadas polos alumnos ascendeu a 380.

Realizou a estadía na oficina de Santiago, *José Antonio Lago Segade*, mentres que na oficina de Bruxelas estivo *Estefanía Asorey Souto*.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS CÁMARAS OFICIAIS DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE GALICIA

Co obxecto de facilitar ás empresas galegas os coñecementos do acervo comunitario máis ligados a súa actividade que lles permitan afrontar da mellor maneira posible o incremento da competencia no Mercado Interior, a Fundación Galicia Europa e as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia veñen asinando dende vai varios anos un convenio anual de colaboración.

No marco deste convenio desenvólvense actividades formativas e divulgativas que melloren a adecuación das empresas e profesionais galegos ao contorno do mercado interior europeo, fundamentalmente no ámbito do Dereito Empresarial Europeo, do Dereito Ambiental Europeo e de Xestión de Programas Europeos.

En 2004 realizáronse dous cursos:

Cursos Básicos de Xestión de Programas Europeos nas Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol (18 a 22 de outubro) e Vigo (29 novembro a 3 de novembro).



Sinatura do Convenio entre a Fundación Galicia Europa e as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia.



Formación

2.1 BOLSAS

A Fundación Galicia Europa asume, dende os seus inicios en 1988, un compromiso especial cos mozos galegos mediante a concesión de bolsas que lles permitan afondar no estudo dos temas comunitarios. A formación no ámbito da Unión Europea daquelas persoas que estean chamadas a xogar un papel central na vida de Galicia nos próximos anos é unha tarefa que ocupa e preocupa á Fundación. Coñecer a fondo os variados e complexos mecanismos que conforman o proceso de construción do proxecto europeo para quen nun futuro conte coa posibilidade de traballar neste eido resulta absolutamente necesario. Cada vez, máis licenciados universitarios de Galicia mostran interese por complementar a súa formación académica con estadías ou prácticas no estranxeiro. Os centros de estudos europeos e as propias institucións da Unión Europea conforman un escenario no que numerosos mozos desexan perfeccionar os seus coñecementos sobre a materia comunitaria. A Fundación Galicia Europa ofrécelles o soporte que precisan contribuíndo a reforzar a base da súa futura proxección profesional no ámbito da temática europea. Dende a súa creación, son xa máis de 250 os mozos que se teñen beneficiado dunha bolsa da Fundación Galicia Europa no conxunto de todas as modalidades que outorga e que no 2004 foron as seguintes:

- Sete bolsas para efectuar estudos de integración europea en centros universitarios europeos.
- Nove bolsas para a concesión de axudas económicas dirixidas a licenciados universitarios que obtiveron unha estadía non remunerada nunha institución europea.

- Seis bolsas para a realización de estadias en prácticas nas oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago e en Bruxelas.
- Seis bolsas dirixidas ao persoal ao servizo de entidades membro e asociadas do Padroado da Fundación Galicia Europa por medio das cales se lles ofrece a oportunidade de realizar unha estadia na oficina da propia Fundación en Bruxelas. Esta modalidade responde a unha necesidade de facilitar a formación en temas comunitarios a aquelas persoas xa integradas no mercado laboral pero que, froito da constante evolución do proxecto europeo, precisan actualizar os seus coñecementos.

A RELACIÓN DE PERSOAS QUE OBTIVERON UNHA BOLSA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA NO 2004 É A SEGUINTE:

BOLSAS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE INTEGRACIÓN EUROPEA

Curso 2004 – 2005

Universidade Libre de Bruxelas (U.L.B.), Bélxica

Beatriz Barreiro Carril

Universidade Católica de Lovaina (U.C.L.), Bélxica

M^a Cruz Barreiro Carril

Dolores Fernández Amigo

Lorenzo Baladrón Zeeh

Manuel Ramilo Rodríguez

Colexio de Europa en Bruxas, Bélxica

M^a Nerea Rebolledo Torrens

Colexio de Europa en Natolín, Polonia

Víctor Pérez Pascual

BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE SANTIAGO E BRUXELAS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Bolsas para a realización de prácticas na oficina de Santiago de Fundación Galicia Europa

Sonia Cordido Méndez

Pedro Peón Torres

Bolsas para a realización de prácticas na oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa

Maruxa Díaz-Cardama García

Serafín Pazos Vidal²/Óscar Rodríguez Díaz

Vanessa Lobo Casas

Alba Mariño Enríquez



Bolseiros da Fundación Galicia Europa

² *Serafín Pazos Vidal* gozou dunha bolsa para prácticas na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas dende xaneiro de 2004 ata maio deste mesmo ano, momento no que, por decisión propia, rematou a súa estadia e foi substituído por *Óscar Rodríguez Díaz*.

BOLSAS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN INSTITUCIÓN COMUNITARIAS

Comisión Europea

Alejandro Giraldez Soage (Dirección Xeral de Pesca)

Manuel Espárrago Arzandun (Dirección Xeral de Mercado Interior)

Beatriz Villanueva Penas (Dirección Xeral de Xustiza e Asuntos de Interior)

Sergio Couto González (Dirección Xeral de Desenvolvemento)

Jorge Feijoo García (Dirección Xeral de Tradución)

José Allegue Seoane (Servizo de Auditoría Interna)

Mª José Fernández Pintelos (Dirección Xeral de Tradución)

Parlamento Europeo

Iria Folla-Cisneros García (Asistente de Eurodeputado)

Tribunal de Primeira Instancia

Marta Rodríguez Ameneiro

* Trala adxudicación das correspondentes bolsas ás persoas que obtiveron unha práctica non remunerada nunha institución comunitaria, consagrouse o remanente existente, tal e como se establecía na convocatoria oficial de bolsas, ao financiamento de estadias para aqueles solicitantes que superasen o procedemento de preselección para un período de prácticas na Comisión Europea e se atopasen inscritos no Libro Azul Virtual. Neste suposto estipulábase a posibilidade de realizar unha estadia, ben nas oficinas da Fundación Galicia Europa ou ben nalgún dos puntos da Rede de Información da Unión Europea en Galicia. Ao abeiro desta convocatoria, outorgouse pois unha estadia remunerada a *Tamara Guirao Espiñeira* na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas do 16 de novembro ao 23 de decembro de 2004.

BOLSAS PARA ESTADÍAS NA OFICINA DE BRUXELAS DA
FUNDACIÓN GALICIA EUROPA DIRIXIDAS AO PERSOAL AO SERVI-
ZO DAS ENTIDADES MEMBROS DO PADROADO

Francisco Javier Feijoo Méndez

Deputación Provincial de Ourense

M^a Rosa Ábalo Villaverde

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

Sonia Trigo Valverde

Consortio Zona Franca de Vigo

María Isabel Cañas Landín

Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado

Carmen Tasende Fuentes

**Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e
Cooperación Exterior**

Paula Cabado Brea

Deputación Provincial de A Coruña

No marco da súa formación, os bolseiros da Fundación Galicia Europa participan directamente en numerosas actividades. Como complemento á súa formación continua asisten a cursos ou seminarios de interese para adquisición de coñecementos e experiencia de cara ao seu futuro profesional; así, a modo de exemplo, os nosos bolseiros tiveron a oportunidade de asistir ao Seminario *O Programa Xuventude como instrumento para o desenvolvemento dunha identidade común do espazo atlántico*, onde se deron cita representantes de Conrwall, Pais de Retz Atlantique, Norte de Portugal e de Galicia.



Intervención de Sonia Cordido Méndez, bolseira da Fundación Galicia Europa, nunha charla na Facultade de Ciencias Políticas da USC

Como transmisores de boas prácticas, participan activamente na difusión das políticas europeas; exemplo disto son as charlas que ao longo do ano 2004 impartiron os bolseiros entre a comunidade universitaria do campus compostelán.



Chris Marsh, Alex White, Ben Menadue, Vanessa Lobo (bolseira da Fundación Galicia Europa) e Margarida Almeida nunha Sesión do Seminario "O Programa Xuventude como instrumento para o desenvolvemento dunha identidade común no espazo atlántico"

2.2 CURSOS, SEMINARIOS E XORNADAS.....

A actividade formativa centra boa parte dos esforzos da Fundación Galicia Europa, que conta cunha longa experiencia na organización de cursos, seminarios, conferencias e xornadas sobre a Unión Europea. Ademais, a Fundación Galicia Europa presta apoio a outros organismos ou institucións nas súas iniciativas de desenvolvemento de actividades formativas deste tipo cuxo contido estivese relacionado coa Unión Europea.

A continuación recóllese a lista dos eventos organizados pola Fundación Galicia Europa ou nos que esta tivo a ben colaborar. Trátase dunha lista non exhaustiva, xa que o persoal da Fundación Galicia Europa actúa en numerosas ocasións como relator en actos relacionados coa UE que non aparecen reseñados neste apartado.

INTEGRACIÓN EUROPEA, INSTITUCIÓNS E DEREITO DA UNIÓN EUROPA

**(Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2003 a 14 de
maio de 2004)**

Trátase da cuarta edición deste curso organizado pola Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais e inserto na Cátedra Jean Monnet de “Integración Europea” da Universidade de Santiago (USC). O seu obxectivo era o de ofrecer, ao longo dun ano académico, unha visión xeral do fenómeno de construción europea a través dunha análise de todos os aspectos relacionados: institucional, xurídico, político e material. Como actividade engadida ao programa do curso, organizouse, durante os

meses de marzo e abril, un seminario especializado co título de *O espazo de liberdade, seguranza e xustiza: as políticas de inmigración e asilo na Unión Europea*.

O curso estivo dirixido polo catedrático Jorge Pueyo e polas profesoras de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais da USC, M^a Teresa Ponte e Isabel Lirola. A Fundación Galicia Europa foi unha das entidades colaboradoras, xunto coa Sociedade de Estudos Internacionais de Galicia e o Instituto de Estudos Europeos “Salvador de Madariaga” da Universidade da Coruña.

II CONGRESO INTERNACIONAL SÓCRATES “CULTURA EN MOVEMENTO”

(Lugo, 14 a 16 de xaneiro) (Santiago de Compostela, 21 a 23 de xaneiro)

A Fundación Galicia Europa colaborou neste congreso no que se analizou non só o programa comunitario Sócrates senón outros aspectos da mobilidade europea como a rede Eures, ou o voluntariado europeo. A Fundación Galicia Europa encargouse de explicar as oportunidades que Europa proporciona aos mozos e estudantes galegos a través da concesión de bolsas para realizaren estudos ou estadias no ámbito da Unión Europea.

CURSO SOBRE INCIDENCIA DA NORMATIVA NAS ENTIDADES LOCAIS

(Ourense, 26 de xaneiro a 9 de febreiro)

A Deputación de Ourense contou co apoio da Fundación Galicia Europa para a impartición deste curso destinado aos técnicos das corporacións locais, ao persoal ao servizo da Administración local e

aos responsables políticos das entidades locais de Ourense. Os obxectivos do mesmo foron examinar a normativa da Unión Europea e conseguir unha aproximación inicial á incidencia do dereito comunitario nas actividades das entidades locais; proporcionar coñecementos básicos sobre a normativa comunitaria que afecta á xestión local; capacitar ao persoal das corporacións locais; e promover a aplicación directa e inmediata dende a Administración local das normas europeas.

CURSO DE HISTORIA E INSTITUCIÓNS DA UNIÓN EUROPEA ***(Santiago de Compostela, 4 de marzo a 6 de xuño)***

O curso foi organizado polas Facultades de Ciencias Económicas e Empresarias e de Ciencias Políticas e polo Centro de Documentación Europea da Universidade de Santiago de Compostela, coa colaboración da Fundación Galicia Europa. Cunha duración total de 90 horas, o curso estaba dirixido a estudantes universitarios de segundo ciclo. As actividades desenvolvidas abrangueron exposicións sobre a historia e as institucións comunitarias a cargo de destacadas personalidades, tanto da Universidade de Santiago de Compostela, como das institucións europeas, españolas e galegas. O programa incluíu tamén a realización dunha serie de prácticas no manexo de fontes e procedementos de información e documentación sobre a Unión. O curso clausurouse cunha visita ás institucións da Unión Europea en Bruxelas.

XORNADAS SOBRE CONSTITUCIÓN E AMPLIACIÓN DA UNIÓN EUROPEA. CRISE E NOVOS RETOS **(Santiago de Compostela, 5 e 6 de marzo)**

A Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela acolleu a realización destas xornadas organizadas pola Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais de dita Universidade en colaboración coa Fundación Galicia Europa, a Cátedra Albertino Figueiredo de Pensamento Económico e Social, a Comisión Europea e a Sociedade de Estudos Internacionais de Galicia. O contido do Tratado Constitucional e as implicacións do proceso de ampliación foron os temas tratados ao longo de todas as conferencias destas xornadas, que reuniron a destacados especialistas na materia, do mundo académico, político e da administración. Destas xornadas saíu unha obra escrita do mesmo título na que se recolleron as aproximacións xurídicas e políticas achegadas polos relatores. A Fundación Galicia Europa prestou así mesmo a súa colaboración para a posterior publicación desta obra.

II XORNADAS DE DEREITO COMUNITARIO: "A CONSTITUCIÓN EUROPEA E O PROCESO DE AMPLIACIÓN" **(A Coruña, 14 - 15 e 16 de abril)**

A Fundación Galicia Europa participou na organización destas xornadas promovidas pola asociación IESGA (Iniciativa Estudantil Galega) e a Asociación Hermann Heller de Estudos Constitucionais en colaboración coa Área de Dereito Comunitario da Universidade de A Coruña. Os seus principais obxectivos eran: familiarizar aos estudantes universitarios co proceso de construción europea, as súas institucións e as súas leis marco e proxectar a importancia do momento histórico no que se atopa Europa. Entre os relatores estiveron desta-

cados catedráticos expertos na materia, europarlamentarios dos Estados membros e integrantes do corpo diplomático dos que nese momento eran aínda Estados candidatos. Nos relatorios tratáronse aspectos moi diversos tales como as consecuencias do proceso de ampliación dende os puntos de vista social e político e a nova conxuntura comunitaria deseñada polo Tratado Constitucional europeo.

***O TRIBUNAL DE XUSTIZA EUROPEO E A PROTECCIÓN DOS
DEREITOS DOS PARTICULARES: UNHA REFLEXIÓN DE FUTURO***
(Pontevedra, 12 e 13 de maio)

A Fundación Galicia Europa colaborou coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) na realización destas xornadas destinadas a analizaren os problemas aos cales se enfronta o sistema xurisdiccional comunitario, as solucións que se están a barallar e en que lugar quedaría a protección dos dereitos dos particulares. A este efecto afondouse nas características e condicións do espazo de liberdade, seguranza e xustiza na Europa ampliada e nas implicacións que derivan do Tratado Constitucional da Unión Europea.

***PROGRAMAS COMUNITARIOS DE ESPECIAL INCIDENCIA
NAS CORPORACIÓNS LOCAIS***

**(Ourense, 31 de maio) (Pontevedra, 3 de novembro)
(A Coruña, 16 de decembro)**

No marco da súa proposta de formación en asuntos europeos, a Fundación Galicia Europa colaborou coas Deputacións Provinciais de Ourense, Pontevedra e A Coruña na realización do curso *Programas comunitarios de especial incidencia nas corporacións locais*.



Presentación do Curso de “Programas comunitarios de especial incidencia nas corporacións locais”, celebrado no Pazo da Deputación Provincial de Pontevedra

O curso, de nove horas lectivas, estaba dirixido a técnicos das corporacións locais, técnicos locais de emprego e axentes de desenvolvemento local das Deputacións e persoal das corporacións locais en xeral, cuxas tarefas entran en relación coas áreas de actuación das políticas comunitarias.

Co obxectivo de proporcionar aos participantes uns coñecementos básicos sobre os aspectos máis relevantes das políticas da Unión Europea de especial importancia para os concellos, deseñouse unha xornada formativa na que se combinaron aspectos teóricos e prácticos. Tratáronse en concreto a Política de Xuventude, a Política de Ambiente e a Política Social, por constituíren estes eixes centrais dentro das políticas locais, que requiren asemade o adecuado aproveitamento de todos os recursos europeos. A unha breve explicación das liñas e fontes de financiamento dispoñibles en cada un destes ámbitos, seguía unha exemplificación de proxectos incluídos

nalgún dos programas comunitarios das políticas presentadas. O equipo docente estaba constituído por especialistas e expertos na elaboración de proxectos en cada unha das áreas comunitarias a tratar.



Ramón F. Santiago, Director-Xerente de Ineco, nun obradoiro práctico no Curso de "Programas comunitarios de especial incidencia nas corporacións locais"

ASEMBLEA XERAL DA "EURASCO" **(SILLEDA, 15 de xullo)**

No marco do Convenio de colaboración establecido entre a Fundación Semana Verde de Galicia e a Fundación Galicia Europa, esta entidade apoiou a realización da Asemblea Xeral das Feiras Agrícolas de Europa (Eurasco). A xuntanza, que por primeira vez na historia ten lugar en España, congregou aos responsables das principais Feiras Agrícolas do continente europeo. Vinte e tres delegados en representación de 13 países debateron sobre a Política Agraria Común na busca de posicións e vías de actuación de cara ao futuro. Este foro serviu ademais como escenario de presentación do Proxecto Fairsnet, unha ambiciosa iniciativa auspiciada pola Unión Europea que consiste na creación de feiras virtuais a través de internet para apoiar así, facendo uso das novas tecnoloxías, a dinamización das comarcas

menos desenvolvidas. Con este obxectivo establécense as bases para unha nova concepción da industria.

CURSO DE IDIOMAS NO CENTRO DE LINGUAS MODERNAS

Santiago de Compostela, xullo e agosto)

Catro estudantes, **Ana Bulnes Fraga, Xiana Vilas Castro, Cristina María Casais López e Emma Suárez Nieto**, bolseiros do programa Sócrates-Erasmus 2004-2005, recibiron da Fundación Galicia Europa un bolsa de estudos en recoñecemento do seu esforzo na aprendizaxe de linguas. A Fundación Galicia Europa acordou co Centro de Linguas Modernas de Santiago de Compostela a concesión destas bolsas, colaborando así con este centro na formación dos estudantes que resultan agraciados cunha bolsa Erasmus e precisan dun coñecemento aceptable do idioma do país de destino no que van realizar o seu ano de estudos. Nesta ocasión, os mozos recibiron a compensación económica outorgada pola Fundación Galicia Europa ao remate do curso da lingua estranxeira realizado por cada un deles durante o verán 2004 no Centro de Linguas Modernas.

MÁSTER DE ESTUDOS DA UNIÓN EUROPEA

(A Coruña, outubro de 2004 a xullo de 2005)

O Instituto de Estudos Europeos Salvador de Madariaga da Universidade de A Coruña programou a VII Edición do Máster en Estudos da Unión Europea para o curso 2004 - 2005, para o que contou, do mesmo xeito que en anteriores ocasións, coa colaboración da Fundación Galicia Europa. O curso, orientado á formación de profesionais cualificados na Administración europea e na Xestión de recursos comunitarios, consta de 700 horas (70 crédi-

tos). Durante o período docente impártese un amplo temario que abrangue dende os aspectos teóricos da integración europea, o seu marco xurídico e institucional ata un estudo pormenorizado de cada unha das políticas comunitarias. A isto engádese a análise de casos prácticos, ditames e a preparación de proxectos comunitarios. Como conclusión do período lectivo, que se corresponde co de un curso académico anual, os estudantes deben presentar e defender unha Memoria de Investigación final. Así mesmo, teñen a oportunidade de realizar unha viaxe de estudos ás institucións Europeas (Bruxelas e Luxemburgo) subvencionada pola Comisión Europea.

CURSO BÁSICO DE XESTIÓN DE PROGRAMAS EUROPEOS

(Ferrol, 18 a 22 de outubro)

(Vigo, 29 de novembro a 3 de decembro)

Co obxecto de facilitar ás empresas galegas os coñecementos do acervo comunitario máis ligados a súa actividade que lles permitan afrontar da mellor maneira posible o incremento da competencia no Mercado Interior, a Fundación Galicia Europa e as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia veñen asinando dende vai varios anos un convenio anual de colaboración³.

No marco deste convenio, en 2004 realizouse o curso de referencia nas Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol e de Vigo.

SEMINARIO: EUROPA AO TEU ALCANCE

(Santiago de Compostela, novembro)

Seminario introdutorio sobre a Unión Europea que constou de cinco módulos: Dereito, Economía, Educación, Políticas Sociais e de Emprego; e Redes de Información Europea. Estaba dirixido a alumnos dos primeiros anos de todas as titulacións da USC, co obxecto de que coñezan os grandes temas que se debaten actualmente no seo da Unión Europea, afonden na repercusión que ten para Galicia a pertenza de España a UE, e que adquiran as competencias necesarias para xestionar trámites e información legal, económica, e doutras áreas nos organismos pertinentes. As clases foron presenciais, incluíndo visitas a Organismos públicos de Documentación Europea, Euroinfocentros, así como tamén clases interactivas con aplicación de lexislación vixente, e xurisprudencia. Incluíron como Criterios de Avaliación: Exámenes parciais e Traballos dirixidos. Participaron como relatores destacados Catedráticos, Funcionarios e como membros do Corpo Diplomático das Embaixadas de Chipre, República Eslovaca e de Estonia.

CICLO DE CONFERENCIAS SOBRE A CONSTITUCIÓN EUROPEA

(Pontevedra, decembro 2004 a febreiro 2005)

Organizado polo Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra, o ciclo pretende informar aos xuristas galegos, de cara ao referendo, sobre os contidos do Tratado polo que se institúe unha Constitución para Europa.

³ Máis información sobre o particular no apartado 1.4.

O ciclo de conferencias contou con relatores de alto nivel, como D. Alvaro Rodríguez-Bereijo, ex-presidente do Tribunal Constitucional Español e D. Cándido Conde-Pumpido Tourón, Fiscal Xeral do Estado.

CONFERENCIA SOBRE A CONSTITUCIÓN EUROPEA⁴

(Santiago de Compostela, 15 de decembro)

No marco da campaña de comunicación sobre a Constitución Europea organizada pola Fundación Galicia Europa, invitouse ao Secretario de Estado para la Unión Europea do Goberno central a impartir unha conferencia no Hostal dos Reis Católicos aproveitando a súa visita institucional a Galicia

⁴ Máis información sobre o particular atópase no punto II do apartado 3.1.1 relativo á Constitución Europea

2.3 ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE

Formación e xuventude son dous aspectos cuxo vínculo a Fundación Galicia Europa ten moi presente no seu obxectivo de difundir a noción de Unión Europa entre a sociedade galega. Por isto, e apelando ao espírito receptivo e creativo dos máis novos, no ano 2004 programáronse fundamentalmente actividades que teñen como finalidade incitalos a plasmar a súa concepción sobre a Unión Europea. Os centros educativos constituíron a plataforma a través da cal se instou aos estudantes a tomar parte nestas actividades. Por outra banda, continuouse apoiando as iniciativas de colexios, institutos e asociacións xuvenís relacionadas co coñecemento de Europa.

¿QUE É PARA TI EUROPA?

(25 de maio)

No 2004 celebrouse a terceira edición do concurso de pintura ¿Que é para ti Europa?. O certame, dirixido a todos os escolares de educación primaria de Galicia, albergaba a intención de achegar aos máis novos á Unión Europea mediante a elaboración de debuxos nos que plasmasen a súa particular visión da mesma. Como resposta á convocatoria, recibíronse un total de 486 debuxos realizados na súa maioría por alumnos con idades abrangidas entre os 6 e os 12 anos.



Escenario de celebración da entrega de premios do Concurso de Pintura ¿Que é para ti Europa?

A celebración da Feira da Ampliación en Santiago de Compostela entre o 23 de abril e o 1 de maio, serviu de escenario de acollida para grupos de escolares de primaria que contaron coa posibilidade de realizar actividades tuteladas nas que se trataba de familiarizar aos rapaces coa noción de Unión Europea, nun momento esencial como era o da integración de 10 novos países. No marco desta celebración, a Fundación Galicia Europa ofreceu aos grupos de estudantes de primaria que se achegaron á Feira a posibilidade de realizar debuxos para presentar á terceira edición do seu concurso de pintura. Baixo a supervisión de persoal da Fundación Galicia Europa e con material proporcionado por esta entidade, decenas de rapaces procedentes de diversos colexios de primaria de Galicia elaboraron traballos que entraron a concurso xunto cos enviados directamente dende os propios centros de estudo.

Os premios consistiron nunha viaxe a Eurodisney para o primeiro clasificado e dous acompañantes e un ordenador persoal. O seu colexio recibiu ademais un talón de 2.000 euros para a adquisición de material escolar. A este galardón sumáronse dous accésit cun premio dun ordenador persoal para cada un dos finalistas. Silvia Iglesias Laguarda, de 7 anos, e Martín Varela Deibe, de 8 anos, alumnos do C.E.I.P. Centieiras de Fene, compartiron o primeiro premio, mentres que os dous accésit recaeron en Ernesto Rodríguez Martínez, estudante do C.E.I.P. Nº 2 de Tui e en Antía López Canosa (que participou cos seus compañeiros), alumna do C.E.I.P. Centieiras de Fene. Seleccionáronse, así mesmo, outros nove debuxos de alumnos de primaria de distintos centros galegos para ilustrar o calendario* do 2005 da Fundación Galicia Europa.

A entrega de premios, tivo lugar o día 25 de maio no Hotel Los Abetos de Santiago de Compostela. Ao acto asistiron: Jesús Gamallo Aller, secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior e director apoderado da Fundación Galicia Europa; Gerardo Fernández Albor, presidente do Consello Asesor da Fundación Galicia Europa e María Antón, directora xeral de Turismo.



Nenos premiados na terceira edición do Concurso de Pintura

* Calendario 2005 da Fundación Galicia Europa

Os debuxos dos tres gañadores do concurso de pintura *¿Que é para ti Europa?*, xunto cos traballos realizados por outros nove finalistas, consagráronse a ilustrar un calendario para o ano 2005 que se puxo a disposición dos propios rapaces na páxina web da Fundación Galicia Europa. Nesta ocasión, a diferenza das anteriores, o que se publicou na páxina web foi o patrón do calendario coas instrucións de montaxe para imprimilo e darlle a forma dun dodecaedro prevista como deseño innovador.



Calendario ilustrado cos debuxos gañadores



Autobús que percorreu, no mes de maio, unha vintena de vilas galegas

PERCORRENDO AS VILAS DE EUROPA

(do 1 ao 30 de maio)

A Fundación Galicia Europa e a Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado co patrocínio da Oficina do Parlamento Europeo en España e a colaboración e coordinación da Oficina de Información Europea para Xoves dirixiron este programa que se presentou como un proxecto piloto con proxección de futuro. O deseño do proxecto *Percorrendo as Vilas de Europa* respondía ao obxectivo de fomentar os coñecementos sobre o funcionamento comunitario e achegalos á sociedade galega, facendo especial fincapé na xuventude.

O programa baseábase nun autobús dotado de ordenadores, documentación, publicacións e información diversa, que percorreu vinte localidades representativas das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia durante todo o mes de maio. Non se contemplaron nin as capitais de provincia, nin as cidades de



Alumnos do Colexio A Nosa Señora dos Remedios de Santiago de Compostela inauguran na Praza do Obradoiro o Programa Percorrendo as Vilas de Europa

Ferrol e Vigo, por ter estas un maior acceso á información que as poboacións elixidas. O autobús, situado nos centros das vilas, contou con persoal especializado en temas europeos e en ámbitos concretos para a xuventude, apoiados en todo momento por un técnico informático. Poríase así a disposición dos visitantes información sobre a actualidade da Unión Europea e os recursos e posibilidades que derivan da súa actividade, e sobre programas que a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado tiña en marcha para os mozos.

O período elixido para pór en marcha este programa, o mes de maio, constituía un momento crucial no proceso de construción comunitaria que precisaba do coñecemento e da implicación dos cidadáns. O día 1 de maio producíase a maior ampliación da Unión Europea e a este acontecemento seguían outros de tanta importancia como o Día de Europa (9 de maio), as eleccións europeas a



Nenos utilizando os equipos informáticos que albergaba o autobús

celebrar o 13 de xuño e a reunión, nese mesmo mes, de xefes de Estado e de Goberno para a aprobación do texto definitivo da Constitución Europea. *Percorrendo as Vilas de Europa* concibiuse pois para proporcionar a toda a sociedade galega ese coñecemento sobre Europa, o que significa pertencer á Unión Europea no que se refire aos dereitos e beneficios que emanan desa pertenza e sobre os grandes retos que se estaban a afrontar neses intres. Tendo en conta este contexto, no desenvolvemento do programa *Percorrendo as Vilas de Europa*, organizáronse, como actuacións paralelas ao autobús itinerante, unha serie de actividades en doce das localidades, que tentaban adecuarse aos intereses, inquiredanzas e preocupacións dos concellos e da súa poboación (nenos, mozos, mulleres, asociacións, etc.) facéndoos así mesmo partícipes do momento histórico vivido pola Unión Europea. Entre estas actividades figuraban:



Alumnos de 4º curso do C.E.I.P. Vales Vilamarín de Betanzos recibiron no marco do Programa información sobre a Unión Europea

- Charlas cos máis novos para trasladarlles unha visión sinxela de Europa.
- Debates radiofónicos sobre temas europeos de formación en emprego relacionados coa xuventude.
- Obradoiros de xestión do Programa Xuventude da Comisión Europea, dirixido a asociacións, co fin de potenciar e difundir as políticas de mobilidade e comunicación que a UE ofrece á poboación máis nova.
- Encontros entre os técnicos de Información Xuvenil das Oficinas de Información Xuvenil das dúas beiras do Miño para potenciar conxuntamente unha efectiva política de integración

europaea co fin de promover unha verdadeira cooperación transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal.

- Coloquios nos centros de Secundario das vilas sobre “A Europa das culturas trala ampliación”.
- Cursos prácticos de xestión de proxectos europeos para técnicos locais de emprego.
- Charlas dirixidas ás mulleres, nas que se abordaron as políticas da Unión Europea en materia de igualdade de xénero, inserción no mercado laboral e outros aspectos que espertan especial sensibilidade para a sociedade.
- Conferencias sobre as “Políticas de Xuventude na Unión Europea”.

O programa obtivo unha excelente acollida por parte da poboación das vilas visitadas, polo que sentou as bases para futuras actuacións na mesma dirección.

NOVOS RETOS E PERSPECTIVAS. ACTUACIÓNS EN POLÍTICA DE XUVENTUDE – PARTICIPA

(xaneiro a decembro)

A Comisión Europea, a través da Dirección Xeral de Educación e Cultura, aprobou este proxecto presentado pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e a Fundación Galicia Europa, xunto con 22 socios representativos de entidades e asociacións galegas, ao abeiro da convocatoria “Proxectos Piloto a prol da participación dos mozos”. O obxectivo desta convocatoria, asumido plenamente polas entidades promotoras e colaboradoras, era o de deseñar proxectos inno-

vadores que posibilitasen a posta en rede de novas prácticas participativas, en concreto a nivel local, para a xuventude. Acolléndose a esta premisa, o proxecto PARTICIPA foi ideado como un programa de estimulación da participación dos mozos na vida pública. A colaboración de axentes diversos dos ámbitos local e rexional na execución do mesmo, así como a inclusión de mozos de toda a xeografía galega nunha dinámica de democracia participativa de cara a elaboración de políticas públicas, constituían os elementos primordiais desta proposta. O proxecto PARTICIPA orientou a súa actividade cara á promoción da cidadanía activa entre os mozos, de maneira que fosen eles mesmos os que definisen as liñas fundamentais das actuacións políticas en materia de xuventude.



Viviane Reding falando cos mozos do Programa PARTICIPA

PARTICIPA apostou no transcurso do seu desenvolvemento (de decembro de 2003 a decembro de 2004) polo fomento da implicación da xuventude no deseño das políticas que lles afectan directamente. A este fin, concibiuse en base a unha estrutura cuxa principal característica era a de facilitar a interacción entre os mozos, as entidades socias e as autoridades con capacidade de actuación a nivel social e político. Este esquema de traballo materializouse así na creación de nove Comisións de traballo, articuladas por áreas temáticas, nas que participaron entidades e mozos de oito localidades galegas (A Coruña, Burela, Melide, Pontevedra, Ribadavia, Santiago de Compostela, Outes e Vigo). Cada Comisión de traballo estivo formada por mozos de entre 15 e 27 anos e por representantes das entidades asociadas. Cada unha das Comisión de traballo tratou aspectos diversos dos seguintes temas que lles foron asignados:

- A educación formal (Socio responsable: IES Luis Seoane – Pontevedra).
- A xuventude ante os novos retos da Unión Europea ampliada (Socio responsable: Concello de Ribadavia).
- O emprego e a formación para os mozos (Socio responsable: Escola Obradoiro “Terra de Melide – Melide”).
- A multiculturalidade: a integración de mozos inmigrantes (Socio responsable: Concello de Burela).
- A política de información europea (Socio responsable: Fundación Galicia Europa – Santiago de Compostela).
- A política de información galega (Socio responsable: Concello de Outes).



Viviane Reding e os responsables do Programa PARTICIPA

- A política de información universitaria (Socios responsables: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo e Universidade de A Coruña)

O abano de temáticas analizadas no seo das Comisións de traballo foi amplamente representativo das inquedanzas e intereses dos mozos e, polo tanto, un estímulo para incitar ao debate e á busca de solucións e perspectivas de mellora das políticas dirixidas á xuventude. Cómpre salientar que, previamente ao comezo dos traballos, os participantes recibiron formación adecuada na materia a tratar a través de conferencias que se impartiron en todas as localidades involucradas.

Ao longo de un ano de traballo, os participantes foron elaborando unha serie de conclusións que tiveron a oportunidade de presentar

ante un bo número de representantes políticos e institucionais nunha Sesión Parlamentaria celebrada o día 27 de decembro en Santiago de Compostela. Neste acto, que contou co apoio do Parlamento de Galicia e Radio Televisión de Galicia (tamén socios do proxecto), os mozos participantes foron escoitados polos autoridades competentes nas materias que eles estiveron a estudaren nas súas respectivas Comisións de traballo. A través das súas conclusións, os relatores elaboraron un perfil da situación actual das devanditas materias, destacando as principais deficiencias que eles detectaron e aportando solucións en forma de propostas de actuación a nivel político. Os representantes políticos con autoridade para levar á práctica estas propostas foron así testemuñas da crítica construtiva efectuada polos mozos galegos, que aspiraban a que os resultados fosen tidos en conta e que a estrutura empregada para o desenvolvemento deste proxecto se transformase nunha plataforma permanente de participación efectiva da xuventude no proceso de toma de decisións. A Sesión Plenaria acadou unha extraordinaria repercusión entre a sociedade galega debido, entre outros, á retransmisión en directo que da mesma realizou a Televisión de Galicia.

O labor levado a cabo por este grupo de mozos de toda a xeografía galega, e tutelado polas entidades promotoras e socias do proxecto PARTICIPA, veuse amplamente recompensado coa realización dunha viaxe a Bruxelas entre o 8 e o 11 de novembro. Nela, os responsables das Comisións de traballo puideron presentar ante a entón comisaria europea de Educación, Cultura e Xuventude, Viviane Reding e o director xeral de Xuventude da Comisión Europea, Pierre Mairesse, as súas conclusións. A oportunidade brindada por esta viaxe permitía así cumprir con un dos obxectivos estipulados na convocatoria que ampara o programa PARTICIPA, a

difusión de boas prácticas. Neste caso, os resultados deste proxecto piloto trasladáronse de primeira man á Comisión Europea, a maior interesada e con capacidade de institucionalizar estas boas prácticas no resto do territorio da UE.

A viaxe a Bruxelas ofreceulles ademais aos mozos de PARTICIPA a posibilidade dunha primeira toma de contacto con outras institucións á parte da Comisión Europea. Acompañados pola directora xeral de Xuventude da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Loreto San Martín, estes mozos visitaron tamén o Parlamento Europeo. Alí foron recibidos por diversos eurodeputados, entre eles, o galego Francisco Millán Mon, asemade promotor da viaxe.



O grupo ante á Oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas

A Oficina en Bruxelas da Fundación Galicia Europa desempeñou un papel esencial na planificación desta viaxe e acolleu, así mesmo, ao grupo de mozos de PARTICIPA. A súa directora, Ana Ramos, informounos das funcións habituais que realiza esta Oficina en defensa dos intereses de Galicia e en apoio á formación da xuventude galega en temas comunitarios. A Oficina en Bruxelas serviu ademais de escenario de encontro entre os participantes na viaxe e Bogna Rodziejewicz, administradora da Comisión de Educación do Comité das Rexións, quen estivo acompañada nunha Mesa Redonda pola directora do proxecto PARTICIPA, Pilar del Oro Sáez e o técnico encargado da política de xuventude na Fundación Galicia Europa, Marcos Martín. Esta viaxe funcionou como complemento ao programa de actividades previsto no marco do proxecto PARTICIPA, facilitándolles aos participantes a posibilidade de defender o seu traballo ante as institucións comunitarias. Como contrapartida recibiron garantías de que as súas conclusións serán tidas en conta en futuras actuacións ou iniciativas que emanen destas institucións.

OUTRAS ACTUACIÓNS

- Apoio á viaxe a Bruxelas do Instituto de Ensino Secundario Miraflores de Oleiros de A Coruña (13 ao 16 de maio).
- Envío de material informativo sobre Europea á I Feria de Voluntariado e Asociacionismo (Xinzo de Limia, 13 e 14 de agosto).
- Apoio á viaxe a Francia do Instituto de Ensino Secundario Illa de Ons (novembro).

- Apoio á viaxe de intercambio a Polonia do Colexio “San Xosé da Guía” de Vigo dentro do proxecto Comenius, acción 1.1. “Flavours and Tastes”.
- Envío de material informativo sobre Europa ao Instituto de Ensino Secundario Monelos de A Coruña no marco do Proxecto Defrit para o intercambio lingüístico e de opinións entre escolares de seis países diferentes.



información e publicacións

3 Información e publicacións

3.1 INFORMACIÓN

A Fundación Galicia Europa conta entre os seus obxectivos o de difundir a información comunitaria en Galicia. En efecto, unha das súas actividades principais é a prestación de **información continuada sobre a evolución das diferentes políticas europeas** a entidades públicas e privadas da nosa Comunidade Autónoma e á sociedade civil galega en xeral. A esta finalidade responde a existencia dunha serie de documentos de carácter informativo que a Fundación Galicia Europa elabora cunha determinada periodicidade. Coa axuda destes instrumentos, e a través doutras moitas actuacións, a Fundación Galicia Europa desempeña, pois, un papel fundamental na difusión de toda a información de importancia para a nosa Comunidade que emana das institucións comunitarias. O labor de todo un equipo de profesionais, cuxa efectividade vén avalada por un reparto competencial ben definido, permite a realización dun **seguimento continuo e exhaustivo de toda a actividade política comunitaria** en base a unhas determinadas **prioridades temáticas**, para a súa posterior posta a disposición da sociedade galega. A tal fin elabóranse unha serie de **informes periódicos** e adócanse importantes esforzos á **resolución de consultas** realizadas dende institucións e organismos públicos ou privados, e dende a sociedade galega en xeral. Dentro das súas actividades ao servizo da información, a Fundación Galicia Europa continuou no 2004 coas actuacións promovidas dende o seu **Consello Asesor**, en concreto, os **Almorzos da Fundación Galicia Europa**, cos que se pretende ofrecer aos medios de comunicación galegos a posibilidade de afondar en asuntos europeos de actualidade e relevancia para a nosa Comunidade.

3.1.1 PRIORIDADES TEMÁTICAS

No que se refire ao **contido dos temas tratados** pola Fundación Galicia Europa no marco da súa actividade de **seguimento e difusión de información europea**, durante o 2004 centrou as súas actuacións sobre tres grandes temas prioritarios: a ampliación da Unión Europea, a Constitución Europea e o futuro da Política de Cohesión. Á marxe destes asuntos que determinaron moitas das actividades realizadas durante este ano, a Fundación Galicia Europa non deixou de prestar atención a outras áreas de especial interese para a Comunidade Autónoma galega.

I.- A AMPLIACIÓN DA UNIÓN EUROPEA

O 1 de maio ingresaron na Unión Europea 10 novos Estados membros (Chipre, República Checa, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Eslovaquia e Eslovenia). As implicacións e consecuencias desta quinta ampliación da Unión Europea son múltiples, pero, a modo de resumo, poden agruparse en tres aspectos: o xeopolítico, o institucional e o socioeconómico. A ampliación supuxo a normalización definitiva das relacións cuns Estados cuxa historia resulta indisoluble á dos actuais membros da Unión. Así mesmo, plasma a consolidación da democracia como principio básico e obxectivo último do proceso de integración europea e aporta, polo tanto, estabilidade ao Continente. A escala mundial contribúe a reforzar o peso específico da Unión na escena internacional.

Dende o punto de vista institucional, a ampliación comporta importantes cambios na arquitectura das institucións da Unión Europea tales como un incremento do número de comisarios ou



Faldón de Benvida publicado en todos os medios de comunicación galegos por mor da Ampliación da Unión Europa

unha modificación do sistema de votación no Consello. A chegada de novos socios trae ademais consigo importantes consecuencias socioeconómicas. Así, máis alá do desafío en termos de cohesión económica e social e do reto que implica para o mercado interno da Unión, a ampliación desvela, en contrapartida, prometedoras perspectivas de internacionalización das empresas galegas nun mercado cun gran potencial de desenvolvemento do consumo e dos investimentos.

A última ampliación deixou cuestións abertas como a conclusión das negociacións con Bulgaria e Romanía co propósito de facer posible a seu ingreso na Unión no 2007, a decisión sobre a apertura das negociacións con Turquía, ou a decisión sobre futuras solicitudes de adhesión. Respecto da sempre controvertida cuestión turca, o Consello Europeo de decembro de 2004 decidiu comezar as negociacións de adhesión con Turquía en nunha próxima data, se ben baixo determinadas condicións que farán que o proceso estea suxeito aos progresos reais realizados por Turquía. Ademais, dadas as importantes implicacións financeiras da posible adhesión turca,



Foto de Familia de Inauguración da Feira

estableceuse que as negociacións non poderán concluírse ata despois do acordo sobre o marco orzamentario para o período que comece no 2014, o que se traduce en que os preparativos necesarios para a adhesión se estenderán, como mínimo, ao longo dos próximos dez anos. Por outra banda, o Consello, confirmou as datas de adhesión de Bulgaria e Romanía que, se completan as reformas pendentes, entrarán a formar parte da Unión Europea en xaneiro de 2007, tras a sinatura dos seus respectivos tratados de adhesión en abril de 2005. Non podemos esquecer ademais a presentación de novas candidaturas de adhesión por parte dos países dos Balcáns Occidentais. Croacia é, de feito, o seguinte país en sala de espera europea e co que xa se acordou o inicio das negociacións

no ano 2005. A isto, hai que engadir a realidade que entraña a existencia de novas fronteiras e o comezo dunha nova era nas relacións de veciñanza da Unión Europea cos países do Mediterráneo e da extinta Unión Soviética, países que, como Ucraína, Moldavia e Bielorrusia, poderían moi pronto chamar ás portas de Europa.

Neste contexto, moitas serán as novidades e posibilidades que se abrirán para Galicia e que, sen dúbida, por si soas xustifican a intensificación da presenza da Fundación Galicia Europa no espazo europeo así como o reforzo das súas relacións co contorno. A Fundación Galicia Europa adicou parte da súa actividade no 2004 a achegar á sociedade galega a realidade desta Europa ampliada a vinte e cinco Estados membros a través de actuacións diversas, que se expoñen a continuación:

I.1.- SEMANA DA AMPLIACIÓN (Santiago de Compostela, do 23 ao 30 de abril)

A capital galega conmemorou, na semana previa á súa incorporación, a adhesión de dez novos países á Unión Europea, propiciando así un primeiro achegamento do proceso da ampliación á sociedade galega a través dun atractivo programa de actividades identificativo da cultura e identidade dos novos membros. A Fundación Galicia Europa sumouse ao Centro Europeo de Información e Animación Rural de Galicia, á representación en España da Comisión Europea e á Consellería de Cultura da Xunta da Galicia na organización deste evento, que se enmarcou no proxecto *O Camiño de Santiago e a Ampliación*, elaborado polo Instituto de Desenvolvemento Comunitario de Galicia e aprobado pola Comisión Europea.



Feira da Ampliación celebrada en Santiago de Compostela

Do 23 ao 30 de abril a cidade de Santiago de Compostela converteuse en escenario privilexiado da presenza da cultura, da música e da artesanía dos países do Leste que o 1 de maio entrarían a formar parte da Unión Europea ampliada. A Alameda de Santiago albergou así os *stands* representativos de cada un destes países, incluídos tamén os dos candidatos Romanía, Bulgaria e Turquía, xunto cos *stands* pertencentes á Fundación Galicia Europa e á Comisión Europea. Todos eles dispoñían de material informativo e produtos artesanais e típicos do país ao que representaban.

O programa de actividades das xornadas comezou coa sinatura por parte dos embaixadores dos países adherentes e países candidatos e o presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, da declaración sobre o *Camiño de Santiago - Camiños de Europa* enxalzando esta

vía de peregrinación como símbolo histórico, cultural e relixioso dunha Europa Unida.

Nunha semana na que a ampliación como unión da diversidade de culturas era o motivo principal, o recoñecemento da ruta xacobeá como elemento vertebrador da identidade cultural adquiriu un relevante protagonismo. Non obstante, o programa de actividades tivo o seu especial colofón na derradeira xornada desta semana adicada á ampliación coa organización dun desfile que percorreu as rúas do casco histórico de Santiago a cargo do grupo Sbandieratori e Tamburini, chegado de Siena (Italia). Este desfile culminou na Praza do Obradoiro da cidade de Compostela cun colorido e visual baile de bandeiras dos vinte e cinco Estados membros da Unión Europea e co solemne izado das mesmas.



Stand da Fundación Galicia Europa

Ao longo dos oito días nos que se desenvolveu esta conmemoración, a Fundación Galicia Europa mantivo abertas as portas do seu *stand* situado na Alameda compostelá, onde recibiu multitude de visitas e consultas por parte, sobre todo, de mozos que se achegaban a Santiago en viaxes organizadas polos seus centros de estudo. A Fundación aproveitou pois a ocasión para habilitar, nunha carpa destinada á realización de actividades para escolares, un espazo destinado á promoción do seu *Concurso de Pintura ¿Que é para ti Europa?*. Por alí pasaron numerosos grupos de alumnos de centros de ensino primario de Galicia que, baixo a tutela de persoal desta entidade, efectuaron e entregaron os seus debuxos para seren presentados a dito concurso.

I.2.- PROXECTO “TERRAS DO LESTE” (Emitido pola Televisión de Galicia en maio de 2004)

Terras do Leste é o título dunha serie documental producida pola empresa galega Faro-Lérez S.L. para a Televisión de Galicia co obxectivo de achegar ao televidente a realidade de cada un dos países que o 1 de maio de 2004 se incorporaron á Unión Europea. Composta de 13 capítulos, de case media hora cada un, a serie fai un percorrido xeográfico, cultural e turístico polo territorio dos novos socios da Europa ampliada afondando nos costumes, tradicións e lendas populares dos descoñecidos veciños do Leste.

O carácter divulgativo do documental, xunto coa importancia da temática tratada, levaron á Fundación Galicia Europa a apoiar a iniciativa, atendendo, sobre todo, ao propósito de contribuír á difusión en Galicia dun feito de gran transcendencia para a evolución histórica do proxecto europeo. Para a nosa Comunidade Autónoma, o coñecemento dos países do Leste constitúe unha

novidosa e interesante oportunidade para descubrir novas canles de intercambio cultural, comercial, turístico e, en xeral, unha vía de enriquecemento progresivo de cara ao futuro.

A serie constou dos seguintes capítulos:

- 1.- A Unión na diversidade
- 2.- Estonia, o país da andoriña
- 3.- Letonia, unha terra que canta
- 4.- Lituania, a nación do ámbar
- 5.- Polonia, amencer medieval
- 6.- Polonia, a fe e as montañas
- 7.- Chequia, a evolución centroeuropea
- 8.- Eslovaquia, o país máis novo de Europa
- 9.- Hungría, o regreso dos maxiares
- 10.- Eslovenia, o sol dos Alpes
- 11.- Malta, un mosaico no Mediterráneo
- 12.- Chipre, encrucillada dos pobos
- 13.- Os novos europeos

Terras do Leste amosa, a través dunha estética moi coidada e de gran calidade audiovisual, o aspecto máis humano destas rexións, obviando cifras estatísticas e outras características máis frías ou menos significativas para a comprensión dos trazos sociais ou culturais destes pobos. Os guións de cada un dos capítulos aparecen salpicados de breves conversacións, referencias culturais, e anécdo-

tas evocadoras do encanto e singularidade que esconden estes países. Tentan, así mesmo, resaltar as coincidencias ou semellanzas culturais con Galicia, dende as peregrinacións polacas a Czestochowa e Kalwaria, ata as tradicións orais e o rico folclore dos Cárpatos, os modos de vida mariñeira nas ribeiras bálticas, o actual desenvolvemento tecnolóxico de Eslovenia ou as iniciativas turísticas de Malta.

A emisión da serie “Terras do Leste”, durante o mes de maio, fíxose coincidir co momento histórico da entrada dos dez países do Leste na Unión Europea, garantindo así a asimilación da importancia deste acontecemento por parte da sociedade galega.

II.- A CONSTITUCIÓN EUROPEA

Os traballos para a conclusión e aprobación da Constitución Europea presidiron boa parte do ano 2004. Trala imposibilidade dos xefes de Estado e de Goberno da Unión de chegar a un acordo sobre o *Proxecto de Tratado polo que se institúe una Constitución para Europa* en decembro de 2003, as negociacións suspendéronse ata ser retomadas de novo pola Conferencia Intergobernamental (CIG) en maio de 2004. Baixo Presidencia Irlandesa os líderes dos Vintecinco alcanzaron no Consello Europeo de Bruxelas de 18 de xuño un acordo histórico, que puxo fin a un proceso de debate no que países como España deberon centrar os seus esforzos na defensa do seu peso específico dentro da Unión Europea fronte á puxanza de poder dos grandes.

O Tratado Constitucional é o resultado dun proceso de xestación iniciado no Consello Europeo de Laeken de 2001, no que se formulou a necesidade de abrir a vía cara a unha Constitución para

responder ás esperanzas dos cidadáns europeos e facer da Unión Europea un espazo máis democrático, transparente e eficaz. Eran moitos os retos que se presentaban, de cara, sobre todo, a garantir a viabilidade dun proxecto nunha Europa ampliada a 25 e nun futuro próximo a 27 membros. Os traballos da Convención (do 28 de febreiro do 2002 ao 18 de xullo do 2003) e as negociacións mantidas polos representantes estatais na CIG (inaugurada o 4 de outubro de 2003 e que rematou coa aprobación do Proxecto de Tratado Constitucional o 18 de xuño de 2004), materializáronse na elaboración dun texto que simplifica aos anteriores Tratados da Unión, delimita competencias de forma máis precisa, protexe dereitos individuais, reequilibra poderes entre Estados, modifica a arquitectura institucional da Unión Europea e potencia as políticas supranacionais. Dende a óptica galega, os avances producíronse no recoñecemento do papel das rexións a nivel europeo, propiciando o aumento da súa capacidade operativa para facerse oír en Europa.

O 29 de outubro do 2004, os xefes de Estado e de Goberno asinaban en Roma a Constitución Europea, deixando pendente a ratificación por parte de cada Estado membro do texto constitucional, xa sexa por medio de referendo ou ben a través dos Parlamentos nacionais. España distínguese como o primeiro Estado en someter a referendo o texto constitucional o 20 de febreiro de 2005.



Durante o proceso de adopción do contido do texto constitucional, a condición do secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior, e director apoderado da Fundación Galicia Europa, como membro do Grupo de Seguimento da CIG do Comité das Rexións permitiu coñecer en todo momento e de primeira man a evolución das negociacións. A Fundación Galicia Europa, tal e como o veu facendo dende outubro de 2003, momento no que o director apoderado desta entidade e representante da Xunta de Galicia foi designado membro do Grupo, prestou tamén durante o 2004 o seu completo apoio ao desenvolvemento dos traballos do Grupo. Mesmo no período de suspensión das negociacións no marco da CIG a primeiros de ano, a Fundación continuou cos seus traballos de reflexión sobre as principios innovacións constitucionais e as súas repercusións, situando sempre a Galicia e os seus intereses no centro de atención.

No seu afán de procura da implicación plena da sociedade galega na construción e consolidación do proxecto europeo, a Fundación Galicia Europa concentrou no 2004 os seus esforzos en favor do apoio a visibilidade do proceso de elaboración e aprobación da Constitución Europea. Desenvolveu así iniciativas de difusión do Tratado Constitucional e apoiou actividades doutras entidades co mesmo fin. O compromiso asumido pola Fundación Galicia Europa intensificouse a finais do 2004 deseñando, en colaboración coa Xunta de Galicia, un proxecto de actuacións para divulgar o contido do *Tratado que establece unha Constitución para Europa* no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A continuación destácanse as actividades promovidas pola Fundación Galicia Europa no contexto do que foi unha das súas prioridades temáticas ao longo do 2004, a Constitución Europea.

II.1.-DOSSIER SOBRE “O PROCESO DE ELABORACIÓN DA CONSTITUCIÓN EUROPEA: ACHEGAS AO DEBATE DAS UNIVERSIDADES GALEGAS”

Trátase dun reflexivo traballo de investigación elaborado a petición da Fundación Galicia Europa por un grupo de expertos das tres Universidades galegas. Este documento albergaba a finalidade de recoller os diferentes puntos de vista existentes en Galicia sobre o proceso constituínte da Unión Europea, nunha etapa na que este aínda se mantiña aberto, adiantando ou predicindo os cambios e posibilidades que se producirían nun futuro próximo. Con este propósito, difundíuse entre diversos integrantes da comunidade universitaria galega especializados en asuntos comunitarios un cuestionario con preguntas clave sobre o futuro inmediato do proceso constituínte europeo, cuxas respostas trasladáronse de forma íntegra a este documento.

O dossier preséntase pois como unha recompilación de opinións das distintas personalidades consultadas, de cara a perfilar aqueles aspectos que espertaban maiores dúbidas nun momento en que a Presidencia irlandesa do Consello debía propiciar un achegamento entre posturas discrepantes e levar a bo fin o proxecto constitucional.

O documento recolle as voces dos seguintes expertos en temas europeos:

- **Celso Cancela:** profesor de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Vigo.

- **Andrés Faíña:** catedrático de Análise Económica da Universidade de A Coruña. Catedrático Jean Monnet de Economía Industrial Europea.
- **Antonio-Carlos Pereira:** profesor titular de Dereito Constitucional da Universidade de Santiago de Compostela. Catedrático Jean Monnet de Dereito Constitucional da Unión Europea.
- **Xulio Ríos:** director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI).
- **José Manuel Sobrino:** catedrático de Dereito Internacional Público da Universidade de A Coruña. Director do Instituto Universitario de Estudos Europeos “Salvador de Madariaga”.

As opinións plasmadas nas respostas destes expertos amosan unha visión ampla e non sempre unánime do proceso de elaboración da Constitución Europea. Coa contundencia duns argumentos amparados nos seus coñecementos históricos e prácticos do tema, as persoas consultadas ofrecen unha interpretación do proceso constituinte europeo descifrando escollos, destacando avances e colaborando, en xeral, a facer máis comprensible un texto chamado a outorgar identidade constitucional a unha Europa cada vez máis diversa e máis unida.

O dossier sobre “O proceso de elaboración da Constitución Europea: achegas ao debate das Universidades galegas” foi presentado por primeira vez na reunión do Padroado da Fundación Galicia o 20 de marzo.

II.2.- PUBLICACIÓN EN GALEGO DUNHA EDICIÓN COMENTADA DO TRATADO QUE ESTABLECE UNHA CONSTITUCIÓN PARA EUROPA

O seguimento exhaustivo de todo o que aconteceu durante o proceso de elaboración e aprobación do Tratado Constitucional permitiulle á Fundación Galicia Europa ter un coñecemento inmediato e puntual das modificacións que se foron introducindo ao texto ata o último momento. Este labor fixo posible a preparación case simultánea por parte da Fundación Galicia Europa dunha versión traducida ao galego e comentada, con notas aclaratorias, do texto do *Tratado que se establece unha Constitución para Europa*. O documento preparouse con vistas a ser publicado pouco despois da sinatura o 29 de outubro en Roma da Constitución por parte dos xefes de Estado e de Goberno dos vinte e cinco. En decembro, saíu pois á luz a versión do texto na nosa lingua, que pretende contribuir en maior grao, se cabe, ao obxectivo básico da Constitución Europea: achegar a construción europea aos cidadáns, implicándolos de cheo nun proxecto que seguen a percibir como algo afastado da súa realidade cotiá. Este propósito insírese nun contexto favorable á difusión en galego do Tratado, tendo en conta a maior protección da que vai gozar a lingua galega ao elevarse a obxectivo da Unión o respecto e a preservación da diversidade cultural e lingüística nos Estados membros.

A edición en galego do Tratado Constitucional vai acompañada dunha breve guía básica que, de maneira sinxela, resume as principais novidades que introduce a Carta Magna. Isto facilitará aos cidadáns a comprensión do significado e alcance do contido normativo da Constitución, outorgándolles unha visión global do

mesmo e favorecendo a toma de consciencia do gran paso que supón esta Constitución na construción da Unión Europea.

O *Tratado que establece unha Constitución para Europa* en lingua galega foi presentado polo secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e director apoderado da Fundación Galicia Europa o día 14 de decembro no Club Internacional de Prensa de Santiago de Compostela.

II.3.- XORNADAS SOBRE CONSTITUCIÓN E AMPLIACIÓN DA UNIÓN EUROPEA. CRISE E NOVOS RETOS⁵

II.4.- XORNADAS DE DEREITO COMUNITARIO: “A CONSTITUCIÓN EUROPEA E O PROCESO DE AMPLIACIÓN”⁶

II.5.- VISITA A GALICIA DO SECRETARIO DE ESTADO PARA A UNIÓN EUROPEA

O 15 de decembro de 2004 tivo lugar a visita a Galicia do Secretario de Estado para a Unión Europea, D. Alberto Navarro, co obxectivo de promover o coñecemento do Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa.

Como puntos máis importantes da súa visita, deben reseñarse a entrevista co Presidente da Xunta de Galicia, a reunión no Parlamento galego coa Comisión permanente non Lexislativa de Asuntos Europeos, o encontro con representantes da Confederación de Empresarios de Galicia e a conferencia organizada pola Fundación Galicia Europa no Hostal dos Reis Católicos. Neste último evento, ao que asistiu máis dun centenar de persoas entre os que se incluían Conselleiros e altos cargos da Xunta de

⁵ O contido de ámbalas dúas xornadas atópase desenvolvido no apartado de “Cursos, seminarios e xornadas” desta Memoria 2004.

⁶ Idem nota anterior.



Asistentes á Conferencia

Galicia, personalidades do mundo académico e antigos bolseiros da Fundación Galicia Europa, o Sr. Navarro expuxo as principais achegas da Constitución Europea.

Para o señor Navarro, o Tratado Constitucional é fiel reflexo dunha nova etapa na vida da Unión, que proclama a súa ambición de ser unha comunidade política democrática baseada en valores comúns e no concepto de cidadanía europea. Pódense destacar tres gran-

des áreas de achegas do Tratado ao cidadán. Así, dende a súa entrada en vigor, a Unión erixírase como unha Unión máis eficaz, máis democrática e máis solidaria:

- Unha Unión máis eficaz: Co novo Tratado Constitucional, a Unión dotouse dunha serie de instrumentos xurídicos e mecanismos que lle permitirá xestionar máis eficazmente o seus intereses. Así cabe destacar o sistema de voto de dobre maioría polo que se optou no seo do Consello. Amplíanse considerablemente os casos nos que se adoptarán decisións por maioría cualificada no seo da Unión evitando os bloqueos da unanimidade nunha Europa con 25 ou máis Estados membros. As reformas que foron introducidas na Comisión e no Consello Europeo contribuirán igualmente a facer máis dinámico o funcionamento da Unión. Ademais, Europa terá unha soa voz en política exterior coa creación da figura do ministro de Asuntos Exteriores. Finalmente, facilitando o recurso as cooperación reforzadas, permitiranse maiores avances entre aqueles Estados que así o desexen.
- Unha Unión máis democrática: O Tratado Constitucional está baseado na dobre lexitimidade de Estados e de cidadáns. Ademais, pretendese potenciar o respecto dos Dereitos Humanos coa inclusión da Carta de Dereitos Fundamentais no texto do Tratado, ou facendo fincapé en aspectos concretos como a loita contra a violencia contra as mulleres. Outra das novidades que nos aporta o novo Tratado é o respecto da diversidade. Precisamente o lema da nova Europa é “unida na diversidade”. A visión do Goberno español responde a este mesmo espírito. Así explicase a vontade do Goberno por representar a España en toda a súa heteroxeneidade no seo das institucións comunitarias.

- Unha Unión máis solidaria: O modelo de Unión que se incardina no Tratado Constitucional é aquel que promove a cohesión económica, social e territorial, e a solidariedade entre os Estados membros. Mostra dese espírito de axuda mutua é tamén a cláusula de solidariedade que se activaría se un Estado membro fose obxecto dun ataque terrorista ou sufrise unha catástrofe natural. De cara ao exterior, a Unión mostrarase máis solidaria, potenciando a súa acción máis alá das nosas fronteiras en ámbitos como a cooperación ao desenvolvemento, a axuda humanitaria e o desenvolvemento da política exterior e da defensa. Europa debe ser un actor influínte neste mundo globalizado, promovendo os seus valores e defendendo os seus intereses comúns.

Finalmente, en dito acto procedeuse ao reparto entre os asistentes do texto da Constitución Europea en lingua galega publicado pola Fundación Galicia Europa.

II.6.-MONOGRÁFICO DO BOLETÍN GALICIA EUROPA SOBRE A CONSTITUCIÓN EUROPEA

Con motivo da decisión adoptada polo Consello Europeo do mes de xuño de 2004 de adoptar unha Constitución para Europa, o 20 de febreiro de 2005 celebrouse en España un referendo para que os cidadáns desen resposta a seguinte pregunta: “¿Aproba vostede o proxecto de Tratado que establece unha Constitución para Europa?”.

En liña cos seus principios fundadores e os seus obxectivos, a Fundación Galicia Europa elaborou unha campaña informativa de ámbito rexional articulada a través de diversas accións dirixidas a distintos sectores da poboación galega e, en especial, ao electora-



do potencial do referendo sobre a ratificación do Tratado Constitucional.

No marco desta campaña dedicouse o número de decembro do “Boletín Galicia Europa” á Constitución Europea. Prologado polo Director da Fundación Galicia Europa, o Boletín contou con contribucións de importantes personalidades vinculadas ao proceso de construción europea, entre os que se encontran os novos presidentes da Comisión Europea e do Parlamento Europeo, o presidente do Comité das Rexións, o presidente do Comité Económico e Social e o Presidente da Xunta de Galicia e da Fundación Galicia Europa.

III. O FUTURO DA POLÍTICA DE COHESIÓN

A Comisión Europea adoptou o pasado mes de xullo as cinco propostas de Regulamento que conformarán o marco da política de cohesión económica e social despois de 2006 e a Comunicación sobre as perspectivas financeiras 2007-2013 que establecen o marco financeiro para a Unión Europea ampliada, decisivas para coñecer o alcance e o grao de compromiso da Unión con principios coma a solidariedade territorial. Trátase de textos de importancia capital que deberán ser referendados agora polo Consello e o Parlamento Europeo nas negociacións que se iniciaron o pasado mes de setembro e que, sobre todo no caso das perspectivas financeiras, condicionarán os retos e obxectivos que se propoña a Unión Europa ampliada a partir de 2007. En todo caso, e en concordancia co sinalado na Resolución aprobada polo Parlamento Europeo o pasado día 2 de decembro, semella claro que a entrada de doce novos Estados na Unión cun grao de prosperidade relativa moi inferior aos da Unión actual presenta unha serie de desafíos en termos de cohesión que só poderán ser afrontados cun volume sufi-

ciente de recursos financeiros que permitan habilitar os instrumentos necesarios para promover a converxencia dentro da Unión.

A Fundación Galicia Europa é consciente da relevancia absoluta da política de cohesión para o desenvolvemento socioeconómico da Comunidade Autónoma de Galicia e para culminar o proceso de converxencia coa renda media europea iniciado por Galicia. Por isto, igual que en anos anteriores dende a publicación do Segundo Informe sobre a cohesión económica e social en xaneiro de 2001, a Fundación concedeu especial prioridade nas súas actividades á política rexional ao longo de todo o ano 2004 coa finalidade de seguir defendendo os intereses galegos nos traballos para a definición do marco da política de cohesión económica e social despois de 2006.

Así, coma todos os anos, e se cadra con aínda máis afán debido á intensa actividade das institucións comunitarias nesta materia durante o ano 2004, continuou o seguimento permanente dos traballos da Comisión para a presentación das propostas e das negociacións iniciadas a continuación polo Consello e o Parlamento, actualmente en curso, con vistas á adopción das decisións en 2005, informando de todos os aspectos con carácter periódico e regular a través das habituais notas informativas e de informes, ben os que se elaboran con carácter mensual ou ben « ad hoc », á Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior e á Consellería de Economía.

Non obstante, o labor da Fundación Galicia Europa non se limitou á mera análise e remisión da información á Administración galega, labores xa de por si importantes, senón que, outro ano máis, se implicou activamente nas actividades das institucións comunitarias e nos foros e grupos de traballo dende os que expresar aos actores

institucionais con capacidade decisoria as prioridades da nosa Comunidade en relación co futuro da política de cohesión económica e social.

Evidentemente, o Comité das Rexións seguiu a ser o principal órgano a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia puido participar, por medio da actividade do Secretario Xeral de Relacións coa Unión Europea en calidade de membro deste órgano, nos traballos das institucións comunitarias para promover a defensa dos seus intereses en materia de política rexional. De entre os ditames aprobados durante o presente ano, hai que destacar o relativo ao Terceiro Informe sobre a Cohesión Económica e Social, que, en grande parte grazas á magnífica relación e estreita colaboración que se mantén dende vai xa varios anos co Land de procedencia do relator do ditame, Michael Schneider (Sachsen-Anhalt), recolle de xeito satisfactorio as principais reivindicacións de Galicia de cara á política rexional despois de 2006.

Dentro do labor realizado este ano, cabe salientar especialmente os froitos que reportou a **coordinación do grupo de traballo de política de cohesión das oficinas de representación das Comunidades Autónomas españolas en Bruxelas**, que permitiu liderar as actividades das rexións españolas en materia de política de cohesión e reforzar a capacidade de interlocución desta oficina coas institucións comunitarias. A acción conxunta das oficinas españolas fixo posible, por exemplo, a consecución do difícil logro de incluír unha referencia ao Fondo de cohesión dentro do ditame do Comité das Rexións sobre o Terceiro Informe sobre a Cohesión Económica e Social. Ademais, as reunións mantidas tanto cos conselleiros da Representación Permanente de España ante a Unión Europea (REPER) coma a celebrada cos deputados españois da comisión de

Desenvolvemento Rexional do Parlamento Europeo, incluído o seu presidente, Gerardo Galeote, garantiron un acceso privilexiado á información sobre as negociacións e, sobre todo, permitiron trasladar ás instancias con capacidade decisoria as principais demandas e preocupacións da Comunidade Autónoma de Galicia en relación co futuro da política de cohesión económica e social.⁷

IV. OUTRAS POLÍTICAS

A Fundación Galicia Europa efectúa, ano tras ano, un labor continuo de seguimento dos expedientes lexislativos de interese para Galicia. Entre as novidades, rexistradas ao longo do ano 2004 ao redor das políticas comunitarias, cómpre salientar o seguinte:

IV.1 POLÍTICA COMÚN DE PESCA

Durante o ano 2004, a Fundación Galicia Europa realizou un exhaustivo seguimento de toda a actualidade comunitaria no eido da pesca. Entre as novidades deste ano cabe subliñar: a adopción de novos planos plurianuais como o relativo á pescada e ao lagostino que afecta ao caladoiro nacional, a adopción da proposta relativa ao Fondo Europeo da Pesca, a creación dos primeiros Consellos Consultivos Rexionais, a aprobación da proposta que modifica o actual IFOP, etc.

No capítulo de visitas organizadas pola Fundación Galicia Europa hai que mencionar, dúas visitas efectuadas polo conselleiro de Pesca nos meses de xuño e outubro. Na primeira delas, no mes de xuño, tivo ocasión de presentar ante o comisario de Pesca, Franz Fischler, e o director xeral de Pesca da Comisión Europea, Jorgen Holmquist a proposta do Consello Galego de Pesca sobre o plano de recuperación para a pescada e o lagostino. Así mesmo, o con-

⁷ Máis información no apartado 4.3.

selleiro de Pesca mantivo encontros co director xeral de Cooperación ao Desenvolvemento, Athanassios Theodorakis e a directora de Seguranza Alimentaria, Paola Testori Coggi coa finalidade de presentar as actividades que desenvolve a Xunta de Galicia na área de cooperación pesqueira e control de biotoxinas.

A segunda visita, efectuada no mes de outubro, o Conselleiro de Pesca reuniuse co novo Comisario de Pesca e Asuntos Marítimos, Joe Borg e co director xeral de Pesca da Comisión Europea, Jorgen Holmquist. Ademais, tivo ocasión de encontrarse cos cinco directores da Dirección xeral de Pesca: John Farnell, Lea Verstraete, César Debén, Alain Laurec e Emilio Mastrachio. Estes encontros serviron para pór de manifesto todas as demandas galegas en torno aos expedientes lexislativos que están en pleno proceso de tramitación. O futuro Fondo Europeo da Pesca 2007-2011, a creación dun Banco de Gts e Kws na Comunidade Autónoma de Galicia, o novidoso servizo de gardacostas de Galicia, a axencia comunitaria de control da pesca e a plataforma tecnolóxica de pesca de Galicia.

Por outra banda, hai que destacar a visita a Bruxelas do conselleiro de pesca, Enrique López Veiga, os días 21 e 22 de decembro para asistir o Consello de Pesca. Esta visita constitúe un fito histórico, por ser a primeira vez que un representante autonómico participa neste foro, en representación de todas as comunidades autónomas. Galicia, que durante anos solicitou a participación das rexións españolas no Consello, actuou como comunidade pioneira na posta en marcha deste novidoso sistema.

Por último, subliñar que durante o ano 2004, a oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas continuou a coordinar os

labores do Grupo de Coordinación Técnico de Pesca que reúne a todas as oficinas das Comunidades Autónomas en Bruxelas.⁸

IV.2 POLÍTICA COMUNITARIA DE MEDIO AMBIENTE

No capítulo relativo á Política Comunitaria de medio ambiente, rexistráronse novidades importantes ao longo de 2004 que foron obxecto de estudo da Fundación Galicia Europa. A prórroga do actual LIFE III para os anos 2005 e 2006 e a aprobación da proposta LIFE Plus, o instrumento financeiro da comunidade para o medio ambiente para o período de programación 2007-2011 supoñen as principais novidades nesta área.

Así mesmo, no panorama internacional hai que subliñar a entrada en vigor do Protocolo de Kioto, o que significa un reforzo á política comunitaria de loita contra o cambio climático. En virtude da mesma, os Estados membros articularon planos para a redución de gases de efecto invernadoiro.

IV.3 POLÍTICA DE I+D

Neste apartado hai que destacar que ao longo deste ano se iniciou a elaboración da proposta do que será o futuro VII Programa Marco 2007-2010. Neste contexto, a Comisión Europea adoptou unha Comunicación na que pon de manifesto as liñas xerais do futuro programa que, segundo esta institución deberá: seguir creando centros de excelencia, lanzar novas iniciativas tecnolóxicas a escala europea a través da creación de “plataformas tecnolóxicas”, fortalecer as infraestruturas de investigación de interese europeo, apoiar os recursos humanos e fomentar a investigación básica creando unha maior competitividade a nivel europeo.

⁸ Máis información sobre o particular no punto 4.3

Ademais, segundo a proposta da Comisión Europea relativa ás perspectivas financeiras para o próximo período de programación (2007-2013), adoptada en xullo de 2004, o VII Programa Marco podería contar cun orzamento de 40.000 millóns de euros fronte ao actual que conta con 17.500 millóns de euros.

No apartado de visitas hai que destacar, a visita a Bruxelas durante o primeiro trimestre de 2004 de 10 centros tecnolóxicos galegos, especializados, todos eles, en diferentes áreas. A visita dos representantes galegos a Bruxelas, que se caracterizou pola súa dilatada axenda, permitiu sensibilizar ás institucións comunitarias sobre a realidade tecnolóxica galega así como afondar nos obxectivos dos procesos de Lisboa e Barcelona.

Por outra banda, co gallo desta mesma visita, os funcionarios comunitarios resaltaron, nun relatorio dirixido os representantes galegos, que “o proceso de Lisboa e o de Barcelona pasan por Galicia”. Con este xogo de palabras, facíase referencia ás diferentes posibilidades coas que conta a nosa Comunidade Autónoma para alcanzar os obxectivos establecidos no Consello Europeo de Lisboa (que Europa se converta na economía do coñecemento máis competitiva do mundo no 2010) e no Consello Europeo de Barcelona (que o gasto en I+D en Europa acade o 3% del PIB no 2010).

IV.4 EMPREGO E ASUNTOS SOCIAIS

Ao igual que ocorrerá durante 2005, un dos temas máis importantes na área do emprego e a política social durante 2004 foi a preparación da nova Axenda Social (2006-2010). A nova Axenda Social estará estreitamente coa revisión dos obxectivos da

Estratexia de Lisboa, posta de manifesto no Informe Kok. Na última reunión do Consello de emprego e asuntos sociais (6 e 7 de decembro de 2004), os ministros identificaron seis posibles áreas prioritarias de acción (A-C-T-I-O-N, na súas siglas en inglés):

- (a) Activación: Un mercado de traballo máis dinámico e inclusivo, cunha maior mobilidade en todas a súas dimensións;
- (b) Compromiso: (de todos os actores a todos os niveis);
- (c) Formación: Un maior investimento en recursos humanos, para incrementar a capacidade da forza de traballo e a produtividade;
- (d) Inclusión: Sistemas de protección social modernos e sostibles, que garantan a inclusión dos grupos máis vulnerables;
- (e) Organización do traballo: Mellorar a adaptabilidade das empresas e dos traballadores para intentar adaptarse as súas necesidades e preferencias;
- (f) Non discriminación: Igualdade de oportunidades para todos, que permita un acceso igualitario o emprego e aos servizos.

A Fundación Galicia Europa efectuou un importante labor de seguimento e análise da información existente sobre este tema, ademais de implicarse activamente nos foros e grupos de traballo que, co obxectivo de participar no deseño da nova Axenda Social, se crearon e desenvolveron durante 2004.

IV.5 COMPETENCIA

Reforma do sistema de modificación das axudas de estado

A Dirección xeral de competencia da Comisión Europea adoptou o 15 de abril unha proposta de Regulamento que modificaría o 659/99/CE (que detalla as normas para a aplicación do art. 93 do Tratado), e que se aplica a todos os sectores. Unha das modificacións máis interesantes que introduce o novo Regulamento, que aínda non foi publicado no Diario Oficial da Unión Europea, é o establecemento dun novo formulario de notificación.

A nova norma enuncia unha serie de medidas relativas á notificación simplificada de certas modificacións de réximes de axudas estatais xa existentes, pero hai que sinalar que o recurso a estes mecanismos simplificados de notificación soamente é admisible cando a Comisión fose informada conveniente e regularmente da aplicación da axuda en cuestión.

Seguindo a letra do novo Regulamento, os incrementos no orzamento previsto inicialmente por un réxime de axudas que non superen o 20% (e, en particular, aqueles incrementos de pequena contía que se destinen a contrarrestar os efectos da inflación) non terán que ser notificados obrigatoriamente á Comisión, xa que se considera que un incremento menor do 20% no orzamento do marco de axudas non terá unha incidencia relevante na compatibilidade deste co mercado común (obviamente, sempre e cando non se modifiquen outras condicións impostas polo réxime de axudas).

A Fundación Galicia Europa, consciente da importancia que a concesión de axudas públicas ten para o desenvolvemento da rexión, seguiu con atención o proceso de adopción e de implementación

deste novo paquete normativo, así como o proceso de negociación do novo marco de axudas rexionais, negociación que se pechará durante 2005.

3.1.2 INFORMES PERIÓDICOS

A actividade de seguimento e difusión de información europea levada a cabo pola Fundación Galicia Europa reflíctese na elaboración periódica dos seguintes **produtos informativos**:

REVISTA DE PRENSA INTERNACIONAL

Reúne as noticias máis relevantes do día extraídas dun conxunto de periódicos de recoñecido prestixio e influencia no continente europeo e americano. As noticias son recollidas no seu idioma orixinal a partir de periódicos franceses, belgas, alemáns, ingleses, portugueses, italianos, estadounidenses e de América Latina (Arxentina, Chile, Brasil, Venezuela e Uruguai). Trátase dun produto informativo centrado en asuntos que acontecen en Europa, e incluso no ámbito global, cando se estima que estes teñen repercusións no proceso de construción comunitario. O resumo de prensa ofrece, así mesmo, visións “nacionais” de distintos Estados membros sobre dito proceso, anunciando, polo tanto, nun gran número de ocasións tendencias políticas e económicas para Europa e o proceso comunitario.

Durante o ano 2004, elaboráronse revistas de prensa internacional todos os días laborables do ano, excepto os correspondentes ao mes de agosto e ao período do Nadal. A revista de prensa internacional envíase a todos os membros do Padroado. Tamén se fai che-

gar ao persoal da Secretaría Xeral de Relacións coa UE e Cooperación Exterior e a deputados do Parlamento Europeo.

RESUMO DE PRENSA GALEGA

A partir dalgúns dos principais periódicos galegos, a Secretaría Xeral de Relacións coa UE e Cooperación Exterior elabora diariamente un resumo das noticias máis destacadas relacionadas co mundo europeo. Este compendio, que se fai chegar a primeira hora da mañá á oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, é distribuído a un elenco de persoas de orixe galega que traballan nas institucións europeas ou noutras entidades relacionadas coa armazón comunitaria (Parlamento Europeo, Comisión Europea, Consello Europeo, Representación Permanente de España perante a Unión Europea, etc.).

EUROP@QUINCENAL

É un produto que busca abranguer e achegar unha visión global dos acontecementos comunitarios de maior relevancia nos 15 días cubertos pola publicación. O Europ@Quincenal intenta encontrar o pulso á realidade comunitaria da última quincena, incluíndo breves noticias de interese sobre os avances realizados na construción europea e un apartado específico, referido a grandes cuestións, que recolle unha análise máis fonda dende unha perspectiva galega. Esta publicación é moito máis diversificada en canto ás fontes utilizadas na súa elaboración e non se detén en explicacións que para os non iniciados nestes asuntos poderían ser esenciais para comprender cada entrada.

Durante o ano 2004, os destinatarios de Europ@Quincenal foron o presidente e os membros do Padroado da Fundación Galicia Europa,

así como a Secretaría Xeral de Relacións coa UE e Cooperación Exterior e deputados do Parlamento Europeo. Nos meses de xaneiro e decembro, unicamente se elaborou un número en cada mensualidade, como consecuencia da menor actividade comunitaria orixinada polas festas do Nadal; no mes de agosto non se realizou ningún. En total, durante o ano 2004 distribuíronse 20 números.

EUROP@MENSUAL

O equipo técnico da oficina de Bruxelas elabora cada mes unha serie de informes de prospectiva, baixo a denominación de Europ@Mensual, nos que se analizan aspectos relativos ás materias da súa competencia, dende o punto de vista dos intereses de Galicia. En total, elaboráronse 43 informes de prospectiva durante o ano 2004.

Os informes mensuais envíanse ao presidente e a todos os membros do Padroado e á Secretaría Xeral de Relacións coa UE e Cooperación Exterior, así como a aqueles conselleiros que non son membros do Padroado e aos secretarios xerais de Presidencia cando os informes teñen relación cos seus temas. Ademais, o Europ@Mensual faise chegar a deputados do Parlamento Europeo.

A continuación detállase o **listado de informes** correspondentes ao ano 2004:

XANEIRO

- O borrador de proposta de perspectivas financeiras da Comisión Europea
- O futuro da política reguladora audiovisual europea

- Os avances da Unión Europea nos compromisos mundiais sobre o desenvolvemento sostible.

FEBREIRO

- As empresas nos países en desenvolvemento
- Revisión intermedia de eEurope 2005: logros e obxectivos pendentes
- O plan de actuación da Comisión a favor das tecnoloxías ambientais
- O programa *Erasmus Mundus*

MARZO

- Dereitos de préstamo nas bibliotecas públicas
- A nova xeración de programas comunitarios de educación e de formación de despois de 2006
- Posición da UE sobre o emprego dos traballadores maiores
- A futura estratexia comunitaria da comisión sobre ambiente urbano

ABRIL

- O novo marco de Axudas de Estado no sector da agricultura
- Terceiro cumio UE – América Latina e o Caribe
- O futuro programa marco comunitario para a promoción do espírito empresarial e a competitividade
- A investigación fundamental a escala europea: análise da situación e posibles medidas para o seu fomento

MAIO

- Plan de acción da Comisión para a mobilización a prol da aprendizaxe de linguas e a promoción da diversidade lingüística
- Estado de situación da Conferencia Intergobernamental
- O Libro Branco sobre os servizos de interese xeral
- A cooperación comunitaria no ámbito da saúde

XUÑO

- O principio de subsidiariedade no Proxecto de Tratado polo que se institúe unha Constitución para Europa
- O Fondo de Solidariedade da Unión Europea
- A promoción das enerxías renovables na Unión Europea
- A futura Axencia comunitaria de Control da Pesca

XULLO

- Informe final do Foro sobre a Responsabilidade Social das Empresas
- Orientacións para a política de apoio á investigación na Unión
- Futuros programas no ámbito da cultura
- A proposta sobre a nova Política de Cohesión Económica e Social 2007 – 2013

SETEMBRO

- A adaptación do Pacto de Estabilidade e Crecemento á nova conxuntura política e económica europea

- Turquía e a adhesión á Unión Europea
- Tendencias recentes e perspectivas no ámbito de emprego na UE
- Programa Life 2005 – 2006

OUTUBRO

- A Política de Desenvolvemento Rural 2007 – 2013
- A reforma do Sistema de Preferencias Xeneralizadas da Comunidade Europea
- A normalización europea
- A proposta da Comisión Europea sobre o futuro Fondo Europeo da Pesca (2007 – 2013)

NOVEMBRO

- veEUROPE 2005: Retos aos que ten que facer fronte a sociedade da información comunitaria despois de 2005
- A política de cohesión económica e social 2007 – 2013
- O rexistro electrónico das actividades pesqueiras e a utilización de medios de teledetección
- As relacións entre a Unión Europea e Cuba

DECEMBRO

- A reforma da política de cohesión económica e social: dende os inicios ata hoxe
- O programa de La Haya
- Posición da Unión Europea sobre o convenio relativo á diversidade cultural

- Posibilidades de pesca en augas comunitarias para o ano 2005

EUROP@SEMESTRAL

Trátase dun documento de síntese no que se recollen globalmente os obxectivos marcados pola presidencia semestral da Unión Europea e as realizacións concretas conseguidas pola mesma unha vez rematado o período correspondente. O informe elabórase no mes seguinte á conclusión dunha determinada presidencia, aínda que a metodoloxía seguida na súa elaboración esixe levar a cabo un seguimento continuado das reunións dos Consellos de Ministros celebradas ao longo deses seis meses.

No ano 2004 elaboráronse informes semestrais referidos ás Presidencias irlandesa e holandesa. Estes informes foron enviados ao presidente e membros do Padroado, así como aos conselleiros que non son membros do Padroado, ao secretario xeral de Relacións coa UE e Cooperación Exterior, aos restantes secretarios xerais de Presidencia, así como aos secretarios xerais de cada Consellería. Tamén se fixeron chegar a deputados do Parlamento Europeo e aos membros do Consello Asesor.

3.1.3 CONSULTAS

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas canaliza boa parte das dúbidas e consultas que tanto particulares como institucións e empresas galegas lle presentan respecto ao funcionamento e ás iniciativas emanadas das institucións comunitarias. A súa presenza física en Bruxelas permítelle un contacto máis directo coa realidade comunitaria e unha intervención máis inmediata nos

debates, foros e iniciativas que se levan a cabo no seo da UE e que teñen algún tipo de relación con Galicia.

A prestación de información, que non responde a parámetros concretos de periodicidade, forma parte da resolución puntual de consultas na que cabe poñer de releve os seguintes matices:

- A resposta a consultas inclúe unha serie de actividades diversas, que van dende a elaboración de informes, a busca de financiamento comunitario de proxectos, a xestión de expedientes, a intervención lexislativa, ata a simple remisión de información. Outras actividades abranguidas neste apartado son a busca de relatores europeos para participar en conferencias ou seminarios organizados en Galicia ou a participación en reunións, mesas redondas ou conferencias a petición dalgunha entidade galega.
- Tamén é importante sinalar que neste apartado incluimos non só as consultas realizadas como resposta a unha solicitude externa, senón tamén aquelas que se realizan por decisión propia do equipo da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, anticipando as posibles necesidades dos diversos sectores galegos. A actividade que se realiza a iniciativa de terceiros responde a un interese concreto manifestado por unha entidade pública ou privada galega, mentres que a que responde á iniciativa propia supón un labor de advertencia a estas entidades en relación con aquelas materias comunitarias que lles afectan máis directamente.
- Non figuran aquí outras actividades tales como os contactos realizados pola oficina coas distintas institucións europeas, coas oficinas doutras rexións europeas e coa Representación


Permanente de España ante a UE, a asistencia a actos ou reunións organizadas polas distintas institucións europeas, o seguimento xeral da actividade comunitaria, etc.

Conforme a estas precisións, durante o ano 2004 a oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas “intermediou” entre as institucións europeas e os axentes públicos ou privados galegos prestando información, asesorando e xestionando en **3027** ocasións.


Nos gráficos que se reproducen a continuación apréciase claramente, entre outros datos, a distribución das consultas realizadas tendo en conta a materia, o tipo de iniciativa e os destinatarios das mesmas dentro da Administración galega.

Das **3027** consultas que recibiu a Fundación Galicia Europa no 2004, a maioría rexistráronse nos meses de xuño, outubro, maio e setembro, mentres que os meses de decembro, marzo e agosto foron os de menor afluencia. Os datos 2004 arrojan unha media de 252 consultas mensuais. Por áreas temáticas, as dúbidas relacionadas con Pesca, Ambiente, Agricultura, Asuntos Institucionais, incluído Comité das Rexións e Relacións exteriores e Cooperación ao desenvolvemento, centraron a maioría das consultas recibidas en Bruxelas.


CANTIDADE DE CONSULTAS POR DEPARTAMENTO DA XUNTA DE GALICIA




CANTIDADE DE CONSULTAS POR ÁREA TEMÁTICA



CANTIDADE DE CONSULTAS POR MES



TIPO DE INICIATIVA



Por departamentos da Xunta de Galicia, a maior parte das consultas recibidas no 2004 na oficina da Fundación Galicia Europa na capital europea proceden de Presidencia e en concreto da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior, que contabiliza un total de 830 cuestións. A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos xerou 400 consultas.

A Fundación Galicia Europa tomou a iniciativa na resolución dun 94 por cento de cuestións sobre as cales informou ás entidades galegas que puidesen verse afectadas por unha temática en concreto. O 6 por cento, de consultas restantes chegaron á oficina a proposta de terceiros, fundamentalmente procedentes da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior e da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que confiaron o seu desenvolvemento aos profesionais que a Fundación Galicia Europa ten destacados en Bruxelas e ao seu coñecemento do funcionamento da burocracia comunitaria.

3.2. PUBLICACIÓNS

A Fundación Galicia Europa considera que a posta a disposición da sociedade galega de información europea do seu interese pasa polo achegamento puntual aos temas que en cada momento esperten unha maior sensibilidade ou preocupación xeral. Coa intención de atender ás inquiredanzas dos galegos con respecto aos asuntos que repercuten máis directamente sobre eles, a Fundación Galicia Europa desenvolve unha importante tarefa divulgativa mediante a elaboración de publicacións que se insiran nas distintas coleccións ampliadas ano tras ano.

As publicacións editadas pola Fundación Galicia Europa ao longo do ano 2004 foron as seguintes:

Tratado que establece unha Constitución para Europa⁹

A edición en galego do Tratado Constitucional vai acompañada dunha breve guía básica que, de maneira sinxela, resume as principais novidades que introduce a Carta Magna. Isto facilitará aos cidadáns a comprensión do significado e alcance do contido normativo da Constitución, outorgándolles unha visión global do mesmo e favorecendo a toma de consciencia do gran paso que supón esta Constitución na construción da Unión Europea.



⁹ A referencia a esta publicación figura no apartado 3.1.1 de Prioridades Temáticas, punto II.2.



Boletín Galicia Europa

O *Boletín Galicia Europa* é unha revista mensual, redactada en galego, de ampla difusión na que se recolle a actualidade europea e a súa repercusión en Galicia. Na súa redacción colaboran a Secretaría Xeral de Relacións coa UE e Cooperación Exterior, as oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela e en Bruxelas, xunto con entidades da Rede de Información Europea en Galicia. A Fundación Galicia Europa participou activamente ao longo dos once números do *Boletín* do ano 2004 (números 144 a 154). A súa participación concretouse en varias seccións de dita publicación:

- **Primeira Páxina:** Un artigo de fondo no que se trata de analizar en profundidade algún tema ou suceso da actualidade comunitaria que, pola súa natureza, presenta unha repercusión importante para a construción europea en xeral, ou para a Comunidade galega en particular. Mantén un carácter rotativo asumido cada mes por unha entidade colaboradora. Durante o ano 2004, corresponderon á Fundación Galicia Europa os artigos de Primeira Páxina que a continuación se detallan:
 - 1) *2004: Ano Europeo da Educación a través do deporte*, por Sonia Cordido Méndez e Pedro Peón Torres. Número 144, xaneiro 2004.
 - 2) *A ampliación da Unión Europea*, por Maruxa Díaz-Cardama García. Número 148, maio 2004.
- **Actualidade Europea:** polo que se refire a esta sección, que constitúe o groso da revista, a Fundación Galicia Europa par-

tipica en practicamente a totalidade dos subapartados que a integran.

- **Con Voz Propia:** este apartado introduciuse no 2004 como novidade con respecto ao ano anterior. Trátase dunha sección que mensualmente recolle unha entrevista coordinada dende a Fundación Galicia Europa e realizada aos responsables das entidades membro da Rede de Información Europea en Galicia. Esta sección pretende ir máis alá dunha mera descripción da actividade desempeñada por cada unha destas entidades, e tenta reflectir a visión persoal dos entrevistados sobre temáticas das súas competencias, que resultan de especial interese para o desenvolvemento de Galicia no seo da Unión Europea.

Con motivo da decisión adoptada polo Consello Europeo do mes de xuño de 2004 de adoptar unha Constitución para Europa, o 20 de febreiro de 2005 celebrouse en España un referendo para que os cidadáns desen resposta a seguinte pregunta: “¿Aproba vostede o proxecto de Tratado que establece unha Constitución para Europa?”.

En liña cos seus principios fundadores e os seus obxectivos, a Fundación Galicia Europa elaborou unha campaña informativa de ámbito rexional articulada a través de diversas accións dirixidas a distintos sectores da poboación galega e, en especial, ao electorado potencial do referendo sobre a ratificación do Tratado Constitucional. No marco desta campaña dedicouse o número de decembro do “Boletín Galicia Europa” á Constitución Europea con contribucións de importantes personalidades vinculadas ao proceso de construción europea, entre os que se encontran os novos presidentes da Comisión Europea e do Parlamento Europeo, o pre-

sidente do Comité das Rexións, o presidente do Comité Económico e Social e o presidente da Xunta de Galicia.

O *Boletín Galicia Europa* está dirixido a toda a sociedade galega e, en especial, a aqueles interesados pola actualidade comunitaria que pretendan ter unha visión xeral da marcha da construción europea. Por isto, esta revista distribúese entre bibliotecas, facultades, centros de información europea, concellos, centros de información xuvenil, etc.

Constitución e ampliación da Unión Europea.

Crise e novos retos

Trátase dun traballo dirixido por Jorge Pueyo Losa, catedrático de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela. Esta obra recolle os relatorios realizados durante as Xornadas que co mesmo título se celebraron na Universidade de Santiago de Compostela, no marco das accións Jean Monnet, e en colaboración coa Cátedra Albertino de Figueiredo de Pensamento Económico e Social. Nesta publicación valóranse, dende unha perspectiva xeral, as claves básicas do actual proceso de cambios e reformas na UE, ao mesmo tempo que se tratan algúns ámbitos e cuestións relevantes do proxecto de Constitución Europea. Esta publicación editouse coa colaboración da Fundación Galicia Europa.

A Unión Europea do Século XXI: o Alongamento cara ao Leste

Trátase dun traballo elaborado pola Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Vigo.

3.3. PÁXINA WEB

www.fundaciongaliciaeuropa.org

Internet converteuse nun instrumento cada vez máis imprescindible na vida diaria, laboral e privada. O crecente número de visitas á páxina web da Fundación e a experiencia adquirida dende a súa posta en funcionamento levounos á decisión de actualizar a mesma tanto no seu formato como nos seus contidos. Ao largo do ano 2004 leváronse a cabo traballos de deseño dun novo portal web da Fundación Galicia Europa que permita traballar con criterios abertos para asegurar a permanente actualidade dos contidos da mesma. O novo portal web entrou en funcionamento a principios do 2005.



3.4 ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO CONSELLO ASESOR

A Fundación Galicia Europa traballa para conseguir que os intereses galegos teñan a maior proxección posible no conxunto de Europa e nos seus centros neurálxicos de elaboración de propostas e toma de decisións. Non obstante, a Fundación Galicia Europa está convencida de que neste empeño a implicación da sociedade civil resulta determinante.

Con este obxectivo a Fundación decidiu dotarse no 2001 dun Consello Asesor integrado por personalidades de recoñecido prestixio empresarial ou profesional, vinculadas por razón da súa orixe ou actividade a Galicia ou á Eurorrexión que esta integra, e cunha finalidade primordial que sexa a elaboración de propostas orixinais sobre políticas públicas comunitarias, así como a súa promoción e defensa ante foros públicos de alcance continental. Nesa etapa inicial, o Padroado acordou propoñer a presidencia do Consello ao ex presidente da Xunta de Galicia, Gerardo Fernández Albor.

OS ALMORZOS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

(1 de xullo)

A Fundación Galicia Europa, dando continuidade á actividade iniciada o ano anterior, convocou aos principais medios de comunicación de Galicia aos “Os Almorzos da Fundación Galicia Europa”, que teñen como obxectivo achegar as realidades galega e europea a través da actuación dos xornalistas, que asumen a responsabilidade de transmitir de forma eficaz e transparente información europea á sociedade galega. O interese dos cidadáns polos temas



Encontro de Guillermo de la Dehesa cun grupo de xornalistas nos Almorzos da Fundación Galicia Europa

comunitarios depende en gran medida da implicación e a capacidade dos comunicadores para plasmar nas súas informacións a temática comunitaria de xeito que a sociedade a asuma como algo que precisa coñecer dado que repercute directamente na súa realidade cotiá. Consciente da importancia do labor realizado pois polos medios de comunicación, a Fundación Galicia Europa considera esencial a adquisición por parte dos informadores dun coñecemento en profundidade dos asuntos que emanan da actividade comunitaria e afectan máis directamente á economía e á sociedade galega.

Nesta ocasión, o Almorzo organizado pola Fundación Galicia Europa tivo como invitado a un destacado membro do seu Consello Asesor, Guillermo de la Dehesa, que fixo unha breve exposición do tema “Galicia e a globalización” á que lle seguiu un diálogo fluído cos representantes dos medios de comunicación que asistiron ao evento. Guillermo de la Dehesa, experto economista cunha dilatada carreira profesional, realizou unha contextualización do fenómeno da globalización dende a perspectiva das dificultades de desenvolvemento económico que se presentan en Galicia, referíndose, sobre todo a problemas estruturais internos. O problema da desconcentración da actividade económica que ameaza Galicia a partir da última ampliación da Unión Europea converteuse no tema central de debate do encontro. Guillermo de la Dehesa fixo fincapé na necesidade de Galicia de tomar posicións nos sectores nos que dispón de vantaxes comparativas e presentou como prioridade o investimento en capital humano e investigación.

O relatorio de De la Dehesa motivou enormemente o interese dos xornalistas que, durante o tempo que durou o almorzo, non dubidaron en expoñer ante o economista as súas principais inquedanzas, ao mesmo tempo que formularon cuestións de relevancia para o desenvolvemento da economía galega e para o proceso de converxencia desta rexión no seo da Unión Europea. O resultado foi unha notable repercusión do evento nos medios de comunicación, polo que, comprobado unha vez máis o éxito da iniciativa, a Fundación Galicia Europa adquiriu o compromiso de realización de novos encontros.



Gerardo Fernández Albor acompañado de Guillermo de la Dehesa

ACTO ORGANIZADO POLO INTERGRUPO CAMIÑO DE SANTIAGO DO PARLAMENTO EUROPEO (14 de abril)

Con motivo do final da lexislatura 1999-2004 do Parlamento Europeo (PE), o 14 de abril de 2004 celebrouse no edificio do PE de Bruxelas un acto conmemorativo do final dos traballos de dito grupo.

O acto serviu para render homenaxe ao que foi presidente do Intergrupo Camiño de Santiago durante os últimos 5 anos, o eurodeputado español Jaime Valdivieso, grazas a cuxo impulso o espírito europeo do Camiño de Santiago é hoxe, aínda máis, unha realidade.

En representación de Galicia asistiu o presidente do Consello Asesor da Fundación Galicia Europa, Gerardo Fernández Albor, quen na súa etapa de eurodeputado foi presidente do Intergrupo Camiño de Santiago e que, nesta ocasión foi nomeado presidente de honra do mesmo. Nun emotivo discurso, Gerardo Fernández Albor subliñou o gran labor desenvolvido polo Intergrupo Camiño de Santiago do PE para lexitimar o Camiño como un valioso elemento de unión de todos os cidadáns europeos.

4

outras ACTIVIDADES

4.1 PARTICIPACIÓN AUTONÓMICA NO CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA

O 9 de decembro de 2004 a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas chegaron a un acordo para formalizar a participación directa destas no Consello da Unión Europea. A presenza das Comunidades Autónomas supón un importante paso na mellora do sistema de participación autonómica nos asuntos europeos, non só por ser o Consello, xunto co Parlamento Europeo, o poder legislativo da Unión se non tamén polo seu importante valor simbólico.

A participación das Comunidades Autónomas nas reunións do Consello a nivel ministerial, mediante a incorporación dun representante autonómico –con rango de conselleiro– na delegación española, esixe, para o seu adecuado desenvolvemento, a presenza directa de representantes autonómicos nas instancias preparatorias das reunións do Consello, tales coma os grupos de traballo ou o Comité de Representantes Permanentes (COREPER). Por este motivo, as Comunidades Autónomas e a Administración Xeral do Estado acordaron igualmente revisar e reforzar a xa existente Consellería de Asuntos Autonómicos na Representación Permanente de España ante a Unión Europea.

O novo modelo resultante trata, dentro do principio de unidade de representación exterior do Estado e de lealdade institucional, de fortalecer os mecanismos de formación da vontade do Estado para integrar mellor as realidades dun sistema complexo e descentralizado coma o español, ao mesmo tempo que tenta configurarse

coma un sistema de participación áxil e flexible, susceptible dun gradual desenvolvemento.

Na práctica, as Comunidades Autónomas que se consideren afectadas por un asunto que recaia dentro do eido das súas competencias ou intereses deberán decidir, no marco das revitalizadas Conferencias Sectoriais, o representante autonómico que se incorporará á delegación española así como contribuir a definir a posición española que será defendida nos grupos de traballo do Consello, no COREPER e, de ser o caso, na propia formación ministerial do Consello da Unión Europea.

Precisamente, Galicia tivo a oportunidade de ser a primeira Comunidade Autónoma en pór en marcha este novo modelo, ao participar o Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia na reunión do Consello de Agricultura e Pesca celebrada os días 21 e 22 de decembro de 2004, primeira experiencia que ten que se valorar moi positivamente.

Este novo ámbito de participación autonómica afectará sen dúbida á Fundación Galicia Europa, que deberá prestar tamén o seu apoio ao representante autonómico galego no Consello, tal e como xa vén realizando noutras instancias comunitarias como é o Comité das Rexións ou os comités da Comisión Europea.

A Fundación Galicia Europa vén colaborando dende vai anos, máis con especial dedicación en 2004, coa Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior nos traballos de reflexión para a articulación da participación das Comunidades Autónomas en Asuntos Europeos de forma máis eficaz.

4.2 COMITÉ DAS REXIÓNS

O Comité das Rexións (CdR) creouse no 1992 co Tratado de Maastricht como asemblea na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea. Composto por 317 membros (21 dos cales son españois), os membros titular e suplente representantes da Comunidade Autónoma de Galicia son Manuel Fraga Iribarne, presidente da Xunta de Galicia, e Jesús Gamallo Aller, secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, respectivamente.



Jesús Gamallo nunha reunión do CdR

En tanto que órgano consultivo da Unión Europea, o Comité debe ser consultado obrigatoriamente sempre que se presenten novas propostas en materia de cohesión económica e social, redes de infraestruturas transeuropeas, saúde, educación, cultura, política de emprego, política social, ambiente, formación profesional e transporte. Do mesmo xeito, pode ser consultado cando se considere que unha proposta pode ter repercusións importantes a escala local ou rexional. Pero o CdR tamén pode elaborar ditames por iniciativa propia, o que lle permite tratar calquera asunto que figure na axenda europea.

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, en permanente coordinación coa Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, presta asistencia e apoio aos membros titular e suplente galegos na súa participación nos traballos do Comité.

Comisións

Das seis comisións especializadas nas que se articula o CdR no actual mandato (2002 – 2006), Galicia forma parte das seguintes:

- Comisión de Desenvolvemento Sostible – cuxos ámbitos de competencia son: política agrícola común e desenvolvemento rural, pesca, enerxía e redes transeuropeas de enerxía, política a favor dos consumidores, ambiente e recursos naturais e protección civil.
- Comisión de Asuntos Constitucionais e Gobernanza Europea – con competencia nos ámbitos de integración europea e papel dos entes territoriais, aplicación do Tratado UE e avaliación do seu funcionamento, consecuencias institucionais da ampliación,

articulación das competencias comunitarias e subsidiariedade, descentralización, gobernanza europea, cidadanía da Unión Europea, espazo de liberdade, seguranza e xustiza, Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e Dereitos Humanos –.

Actividades

De entre as principais actividades realizadas polos membros galegos ao longo de 2004, e que contaron co apoio do persoal da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, cómpre destacar as seguintes:

- Designación como responsable político de subsidiariedade da Delegación Española do Comité das Rexións. O membro galego foi elixido para formar parte do reducido grupo, un representante por Estado, que debe contribuír ao deseño e posta en marcha do novo mecanismo de seguimento e control da aplicación do principio de subsidiariedade no seo do Comité das Rexións. Ademais, debe informar ao Comité das Rexións sobre a avaliación da situación española en materia de control da aplicación do principio de subsidiariedade.

Por este motivo, o representante galego foi invitado a participar nas Primeiras Xornadas sobre subsidiariedade celebradas o 27 de maio en Berlín baixo os auspicios do Bundesrat alemán.

- Membro do Grupo de seguimento da Conferencia Intergobernamental 2004, cuxo obxectivo foi efectuar o seguimento da evolución das negociacións no seo da Conferencia Intergobernamental (CIG) así como tratar de influír sobre aquela tendo en conta as demandas recollidas no ditame sobre as propostas do Comité das Rexións para a CIG adoptado na sesión plenaria do 9 de outubro de 2003.

A falla de acordo en decembro de 2003 para adoptar o Tratado que establece unha Constitución para Europa aconsellou estender o mandato do Grupo ata a aprobación definitiva do mesmo por parte do xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea – o que se produciu o 18 de xuño de 2004 –. Neste novo período, o Grupo centrou todos os seus esforzos en conseguir que o futuro Tratado Constitucional contemplase unha mención explícita á cooperación transfronteiriza que servise de base xurídica para o seu adecuado desenvolvemento.

Como resultado das intensas iniciativas levadas a cabo polo Grupo baixo a Presidencia irlandesa no primeiro semestre de 2004, conseguiuase que o Tratado Constitucional, no seu artigo III-220, incluíse ás rexións transfronteirizas entre aquelas ás que se prestará unha especial atención no marco da política de cohesión económica, social e territorial.

Así mesmo, en estreita colaboración coa Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior, a oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas participou na elaboración de emendas a ditames e informes debatidos tanto en comisión como en pleno cando se considerou necesario para a inclusión e consideración dos intereses de Galicia. En particular, preparáronse emendas a ditames e resolucións sobre grandes cuestións de actualidade política como a opinión do CdR sobre o Tratado que establece unha Constitución para Europa, ou sobre áreas nas que Galicia é especialmente sensible como a política de cohesión, a cooperación transfronteiriza, a política pesqueira, ou a protección portuaria.

4.3 COLABORACIÓN ENTRE AS OFICINAS REXIONAIS ESPAÑOLAS EN BRUXELAS (CORE)

Os directores das oficinas rexionais españolas en Bruxelas asinaron un **Acordo de Colaboración** o 23 de xullo de 2002 co obxectivo de estreitar as relacións entre ditas oficinas e organizalas de forma estruturada, mellorando os seus sistemas de información e potenciando os seus respectivos recursos humanos. O ano 2004 supuxo un paso importante para a consolidación desta colaboración, poñéndose de manifesto o interese e a utilidade da mesma para todas as oficinas das Comunidades Autónomas. Ademais de contribuír á mellora do acceso á información, supuxo tamén un reforzo da interlocución ante as institucións europeas e ante a Representación Permanente de España ante a UE.

Durante este ano tiveron lugar diversos encontros entre os **Directores das oficinas rexionais** nos que se puxeron en común temas internos relacionados co funcionamento do acordo entre as oficinas, tales como o traballo dos Grupos de Coordinación Técnicos (GCT), o funcionamento do Comité das Rexións, as relacións coa Representación Permanente de España ante a UE, etc. Ademais, tratáronse temas de actualidade da Unión europea de interese para todos, como o futuro da Política rexional e de cohesión, as perspectivas financeiras da UE (2007 –2013), a Constitución Europea, etc., a través de reunións de alto nivel con actores relevantes e protagonistas destas noticias. A destacar as comidas de traballo celebradas cos seguintes responsables comunitarios:

- Cristóbal Gonzalez-Aller, representante adxunto de España ante a UE.
- Luis Romero Requena, director xeral de Presupostos da Comisión Europea.
- Carlos Bastarreche, representante permanente de España ante a Unión Europea.
- Joaquín Almunia, comisario responsable de Economía e Finanzas da Comisión Europea.

No marco da CORE, o ano 2004 supuxo o lanzamento de novas actividades formativas, con vocación de manterse nos próximos anos, dirixidas a xoves que veñen de licenciarse e que están a realizaren prácticas profesionais no eido comunitario, ben no seo das mesmas oficinas rexionais españolas ou ben nas institución comunitarias:

- **Xornadas de formación para bolseiros das Comunidades Autónomas:** As xornadas, celebradas durante o primeiro e o segundo semestre, versaron sobre as funcións das oficinas e as súas relacións coas institucións comunitarias e a Representación Permanente de España ante a Unión Europea, e sobre as políticas da UE de maior interese para as Comunidades Autónomas. Interviñeron como relatores o Conselleiro para Asuntos Autonómicos de Representación Permanente de España ante a Unión Europea, directores de diferentes oficinas e os coordinadores dos grupos de traballo.
- **Encontros cos bolseiros da Comisión Europea,** tamén en dúas ocasións correspondentes os dous períodos semestrais establecidos pola Comisión Europea. O obxectivo principal dos

encontros foi o de explicarlles o papel que xogan en Bruxelas as Oficinas das Comunidades Autónomas.

VIAXE DOS DIRECTORES DE OFICINAS REXIONAIS ESPAÑOLAS EN BRUXELAS A GALICIA

No marco da colaboración existente entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas (CORE), a Fundación Galicia Europa cursou invitación a todos os seus responsables para que se celebrase en Santiago de Compostela unha reunión conxunta o 5 de xullo. A reunión permitiu fundamentalmente debater e aprobar un **“Documento de traballo sobre a situación actual das oficinas rexionais españolas en Bruxelas, a súas relacións coas institucións e órganos comunitarios e a súa problemática interna”**. O documento, que avanza propostas interesantes para mellorar o seu funcionamento, realizouse para responder á nova situación política en España e como contribución ao diálogo anunciado polo Goberno coas Comunidades Autónomas para mellorar a participación das mesmas no proceso de construción europeo.



Os representantes das Oficinas rexionais na súa visita á sede da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela



Jesús Gamallo Aller preside en Santiago o encontro cos directores das Oficinas Rexionais da Comunidades Autónomas en Bruxelas

Esta invitación serviu ademais para achegar a realidade autonómica e institucional galega aos responsables de ditas oficinas. En efecto, ademais da reunión da CORE, a xornada completouse cunha visita as principais institucións da nosa Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia, onde tiveron ocasión de encontrarse cos seus máis altos representantes. Por último, participaron nunha reunión na Fundación Galicia Europa onde se lles explicou a súa estrutura, funcionamento e as principais actividades desenvolvidas en Galicia.



O presidente do Parlamento de Galicia, José M^a García Leira, acompañado dos directores das Oficinas rexionais

GRUPOS DE COORDINACIÓN TÉCNICOS

Para a consecución dos obxectivos previstos mediante o Acordo de Colaboración, constituíronse unha serie de Grupos de Coordinación Técnica (GCT). Estes teñen como misión principal o seguimento e análise técnica continuada das políticas públicas comunitarias, dende o inicio do proceso de concepción das mesmas por parte da Comisión ata a súa adopción polo Consello e, de ser o caso, polo Parlamento. Con este propósito, desenvolven contactos coas persoas adecuadas para o seguimento destes procesos, ás que poden invitar a participar nas súas reunións.

Oficinas coordinadoras

Tendo en conta as áreas de interese das Comunidades Autónomas, funcionan actualmente 12GCT para cada un dos cales está designada unha oficina coordinadora:

- GCT Futuro de Europa. Coordinación: Baleares.
- GCT Emprego e Asuntos Sociais. Coordinación: Castela A Mancha.
- GCT Competitividade e Enerxía: Coordinación: Castela e León
- GCT Agricultura: Coordinación: Andalucía.
- GCT Política Rexional e de Cohesión. Coordinación: Galicia.
- GCT Pesca. Coordinación: Galicia.
- GCT I+D e Sociedade da Información. Coordinación: Madrid.
- GCT Ambiente. Coordinación: País Vasco.
- GCT Cultura e Educación. Coordinación: Cataluña.
- GCT Transportes. Coordinación: Aragón.
- GCT Relacións Exteriores: Coordinación: Valencia
- GCT Alerta Empresarial. Coordinación : Murcia.

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas asume a coordinación de dous grupos de traballo: o GCT de Política Rexional e Cohesión e o GCT Pesca.

GCT de Política Rexional e de Cohesión

A Fundación Galicia Europa coordina o GCT Política Rexional e de Cohesión das oficinas de representación das Comunidades Autónomas en Bruxelas dende vai xa máis de un ano. Durante o ano 2004 o GCT sigue traballando de maneira intensa no seguimento dos traballos das institucións comunitarias para a preparación do marco futuro da política de cohesión económica e social de despois de 2006.

Con anterioridade á presentación da presentación do Terceiro Informe sobre a cohesión económica e social no mes de febreiro, a Fundación Galicia Europa, como coordinadora do GCT, organizou nos últimos meses de 2003 e a principios de 2004, unha serie de reunións con funcionarios da Comisión e membros dos gabinetes dos comisarios, incluído o gabinete do Presidente da Comisión, implicados directamente nas negociacións internas para a presentación do Terceiro Informe e das propostas legislativas e de perspectivas financeiras 2007-2013, decisivas estas últimas para o futuro da política rexional. O obxectivo desas reunións foi o de seguir de primeira mano a evolución das negociacións no seno da Comisión e ofrecer unha información de máxima actualidade sobre unha cuestión de importancia capital para todas as Comunidades Autónomas.

Unha vez que a Comisión presentou en febreiro o Terceiro Informe sobre a cohesión económica e social, e perfiladas xa as liñas directrices que guiarían a redacción das propostas legislativas adoptadas pola Comisión o pasado mes de xullo, o traballo do “grupo” centrouse, mediante diversas reunións mantidas durante o primeiro semestre de 2004, na interlocución con institucións como o

Comité das Rexións, que aprobou xa o ditame sobre o Terceiro Informe e prepara actualmente os seus ditames sobre as propostas de Regulamentos, e en asuntos colaterais como o das axudas de Estado con finalidade rexional, tamén de gran importancia para a maioría das CC.AA. españolas. Para o seguimento dos asuntos relativos ao Comité das Rexións mantivéronse varias reunións cos dous administradores da comisión de Cohesión Territorial (COTER) deste órgano da Unión. Polo que respecta as axudas de Estado, e grazas á reunión mantida cos dous administradores da unidade competente na Dirección xeral de Competencia para este asunto, as CC.AA. españolas foron as primeiras en dispoñer dos contidos das futuras directrices nesta materia, que serán obxecto dunha importante reforma en consonancia cos notables cambios que sufrirá tamén a política de cohesión económica e social.

Unha vez adoptadas as propostas de Regulamento o pasado mes de xullo por parte da Comisión, iniciouse o proceso de negociación propiamente dito, polo que as actividades do « grupo », sen prexuízo das relacións coas outras institucións, centráronse durante o derradeiro cuadrimestre do ano 2004 nos traballos do Consello e do Parlamento Europeo, institucións que deberán adoptar a decisión final sobre os Regulamentos e, xunto coa Comisión, sobre o futuro marco de perspectivas financeiras 2007-2013. O obxectivo a partir deste momento é o de seguir con máxima atención e detalle o desenvolvemento das negociacións, para o cal mantivo xa dende xullo varias reunións cos deputados españois da comisión de Desenvolvemento Rexional do Parlamento Europeo, presidida polo deputado do grupo PPE Gerardo Galeote, co fin de canalizar a través de eles, na medida do posible, as demandas das CC.AA. españolas cos conselleiros responsables do seguimento deste asunto na Representación Permanente de España ante a Unión Europea.

GCT de Pesca

Durante o ano 2004, o Grupo Técnico de Pesca continuou desenvolvendo o labor de seguimento dos principais expedientes lexislativos aínda pendentes tras a reforma do 2002, e doutros novos cuxo obxectivo é poñer na práctica as bases establecidas na mesma. Durante este último ano, prestouse unha especial atención a:

- A proposta relativa á axencia comunitaria de control da pesca, que pretende aplicar o novo enfoque para a política de control previsto na última reforma da PCP.
- A proposta relativa aos consellos consultivos rexionais, cuxo obxectivo é permitir unha maior participación das partes implicadas na toma de decisións, tal e como se acordou no marco da reforma.
- As propostas relativas aos plans de recuperación de recursos e, moi especialmente o que afecta ao caladoiro nacional.
- A proposta relativa á reforma do IFOP que permitirá financiar novas actuacións como son as compensacións aos pescadores afectados por un plan de recuperación o aos produtores de moluscos afectados por fenómenos como “a proliferación de algas tóxicas”

En canto aos asuntos, previstos na axenda dos próximos meses, hai que resaltar a proposta que pretende establecer o futuro fondo da pesca. Este fondo que será o sucesor do actual IFOP, deberá negociarse durante os próximos meses. A inclusión dunha serie de actuacións no capítulo de financiamento como, son as interven-

cións dirixidas a modernizar a flota comunitaria, constituirá unha cuestión prioritaria nas actividades de seguimento do grupo para os próximos meses.

En canto as reunións celebradas, cabe destacar, ademais das reunións mensuais organizadas coa REPER, cuxo obxectivo é seguir exhaustivamente os debates no Consello; a celebrada co xefe de unidade de xestión dos recursos da DX Pesca. Este encontro serviu para expoñer as liñas principais da nova política comunitaria de xestión de recursos pesqueiros. Esta nova filosofía serviu de base para estruturar os plans de recuperación e xestión presentados recentemente pola Comisión Europea.

Por último, o grupo de pesca sigue moi de preto os debates no seo do Parlamento Europeo, que se ben ten competencias simplemente consultivas, serve de foro para deixar constancia das diferentes posturas das partes implicadas no proceso de negociación dunha proposta. Bo exemplo disto, foi a comparecencia do sector pesqueiro galego afectado polo plan de recuperación da pescada e o lagostino, onde se puxo de releve a postura unánime do sector.

4.4. PROMOCIÓN DE GALICIA EN BRUXELAS

Entre as finalidades da Oficina en Bruxelas da Fundación Galicia Europa atópase a difusión e promoción da identidade e a cultura galega na capital belga mediante o desenvolvemento de iniciativas seleccionadas en todos os ámbitos da cultura.

A presenza dunha destacada comunidade europea e internacional residente en Bruxelas, en tanto que sede das institucións da Unión Europea, converte a esta cidade nun escenario idóneo para dar a coñecer diversas facetas da cultura galega a través de exposicións, concertos, conferencias ou outras actividades dirixidas, en boa medida, a un público caracterizado pola súa vinculación coa Unión Europea, pero intentando chegar á sociedade belga en xeral.

En moitos casos estas actividades son o froito de colaboracións con outras institucións galegas, ademais de españolas e europeas, de carácter tanto público como privado. A colaboración coa comunidade galega de Bruxelas e os centros galegos ocupa tamén un lugar destacado.

CONMEMORACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

CONTACONTOS

(1 de xuño)

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas conmemorou, como vén sendo habitual cada ano, o Día das Letras Galegas, mediante a organización dun acto destinado a dar a coñecer e difundir a riqueza da cultura galega na capital comunitaria.



O dramaturgo galego, Cándido Pazó, no acto de conmemoración do Día das Letras Galegas en Bruxelas

Á celebración, trasladada ao día 1 de xuño, acudiu como invitado o dramaturgo galego Cándido Pazó, que actuou como narrador oral nunha sesión de historias e contos baseados nas obras de ilustres autores galegos como Castelao e Cunqueiro, así como de elaboración propia.

Autor teatral, guionista de series televisivas e director de escena con destacados espectáculos estreados, Cándido Pazó recibiu numerosos premios a nivel galego e nacional. Entre eles o Premio María Casares 1999 e 2000 ao Mellor Texto Orixinal coas obras "Nano" e "O bululú do linier", así como o Premio Max 2001 ao Mellor Texto Orixinal en galego coa obra "Ñiqui-Ñaque".

O celebración, que tivo lugar na sede do Instituto Cervantes en Bruxelas, contou cunha nutrida asistencia de membros da comunidade galega residente en Bruxelas así como de numerosos españois, belgas e persoas doutras nacionalidades que senten unha especial atracción por Galicia e a súa cultura.

Do mesmo xeito, e co propósito de recordar a figura do autor homenaxeado este ano, Xaquín Lorenzo "Xocas", durante o acto distribuíuse unha publicación da Xunta de Galicia sobre este etnógrafo que buscou con afán as raíces da cultura material galega. Dita publicación tivo moi boa acollida e despertou o interese dos asistentes sobre este intelectual entregado á defensa da identidade galega.

CENTRO GALEGO DE BRUXELAS

(21 de maio)

Coa axuda da Fundación Galicia Europa, o Centro Galego de Bruxelas conmemorou o 21 de maio o Día das Letras Galegas a través de diversas iniciativas:

- Charla sobre o escritor galego homenaxeado, Xaquín Lorenzo "Xocas";
- Unha exposición de libros galegos;
- A proxección dun vídeo con temas de Galicia;
- Un desfile de traxes tradicionais galegos; e

A presentación dos bailes do grupo "Galicia Baila", acompañado pola banda de gaitas do Centro.

LIBRERÍA ORFEU

(28 de maio)

Sumándose á celebración do Día das Letras Galegas, a Librería Orfeu organizou coa colaboración da Fundación Galicia Europa, un acto de conmemoración do Día das Letras Galegas coa poetisa e cantora Yolanda Castaño Pereira. A escritora galega aproveitou a ocasión para presentar as súas últimas obras *O Libro da Egoísta* e o *Videopoema*. Innovadora e provocadora, pretende valorizar a poesía poñéndoa en relación con outras artes na procura de camiños e pontes comunicativas. Autora sobre todo de poesía, Yolanda publicou, entre outras obras, *Vivimos no Ciclo das Erofanas* e *Edénica*.



Concerto de Música Medieval na Catedral de St. Michel e Ste. Gudule de Bruxelas

CONMEMORACIÓN DO XACOBEO 2004

CONCERTO DE MÚSICA MEDIEVAL

17 de setembro)

O día 17 de setembro, e con motivo do Ano Santo Compostelán, tivo lugar na catedral Saint-Michel e Sainte-Gudule, situada no centro histórico da cidade de Bruxelas, un concerto de música medieval sobre os cantos dos peregrinos a Santiago de Compostela.

Este evento musical, que foi interpretado pola recoñecida Coral e conxunto instrumental “L’Harmonique” baixo a dirección de Dominique Collin, foi organizado pola asociación belga “Amis de Saint Jacques de Compostelle” coa colaboración da Fundación Galicia Europa e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia (Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago e Xacobeo 2004). Tralo concerto, a Fundación Galicia Europa ofreceu unha recepción.

O obxectivo deste acto foi promover o Ano Xubilar así como Galicia e a súa cultura, que foron os auténticos protagonistas neste lugar privilexiado. Asistiron representantes do mundo comunitario presente en Bruxelas así como personalidades dos ámbitos político, social e cultural da sociedade belga.

Cabe sinalar que a Catedral de Bruxelas, que en 1516 viu proclamarse Rei de España a Carlos I e foi testemuña de vodas e funerais reais, mantén a tradición de ofrecer concertos de música clásica e relixiosa.

DIFUSIÓN DE ACONTECEMENTOS NA REVISTA ECOS

(nº 11- febreiro e nº 12 – marzo)

A Fundación Galicia Europa colaborou ao longo do ano coa revista Ecos para a difusión de acontecementos relacionados co Xacobeo 2004.

EXPOSICIÓN “SENTIMENTOS DO CAMIÑO”

(29 de setembro)

A Fundación Galicia Europa colaborou coa Xunta de Galicia e o Instituto Cervantes nunha exposición sobre o Camiño de Santiago titulada « Sentimento do Camiño ». A exposición consistiu nunha mostra de cartas e gráficos explicativos, fotografías tomadas por artistas célebres, documentos históricos e unha reportaxe dedicado á Catedral románica de Santiago de Compostela.



Jesús Gamallo Aller intervén na Exposición “Sentimentos do Camiño”



Ana Ramos barbosa na Exposición “Sentimentos do Camiño”

Outras actuacións de promoción

- Exposición de pintura do artista galego Xaime Quessada (19 ao 23 de xaneiro).

Organizada polo Parlamento Europeo e polo Parlamento de Galicia, o acto de inauguración da exposición contou coa presenza dos presidentes de ámbalas dúas institucións. A exposición contaba co mecenado da Fundación Caixa Galicia.

- Festa española dos « stagiaires » españois da Comisión Europea dedicada « O Camiño de Santiago » (febreiro)
- Día da Gastronomía galega, organizado pola Asociación Belgo-Española de Retinne (marzo)
- Festa española do Colexio de Europa en Bruxas (marzo)
- « Día do Folk Galego », coa participación de Berroguëtto e Uxía, organizado pola Asociación Muziekpublique (marzo)
- Colaboración coa Consellería de Pesca da Xunta de Galicia na súa participación na European Seafood Exhibition e na difusión da mesma en Bruxelas (maio)
- Festa española do « Lycée Français » organizada pola Asociación Mosaïques do Lycée Jean Monnet de Bruxelas (xuño)
- Festa española dos « stagiaires » españois da Comisión Europea (xullo)
- Bazar de Nadal da OTAN (novembro)
- Bazar de Nadal da Asociación benéfica Femmes d'Europe (novembro)

- Colaboración no Festival Cap Sud que contaba coa participación da artista galega Mercedes Peón (outubro)
- Colaboración na celebración do segundo aniversario da revista Ecos, única revista belga en lingua española que informa cada mes sobre os acontecementos culturais, sociais, políticos e económicos españois e latinoamericanos que teñen lugar en Bélxica. Ecos ofrece un sistema práctico que inclúe en cada artigo un resumo da noticia en francés e neerlandés e un dicionario cos termos clave da información traducidos a ámbalas dúas linguas. A revista é de distribución gratuíta. (novembro)
- Festa dos nenos e día da gastronomía galega na Casa de Galicia en Bruxelas (decembro)

4.5 ORGANIZACIÓN E ATENCIÓN DE VISITAS

As oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela e en Bruxelas desempeñan un importante labor de organización e atención de visitas á capital europea de responsables políticos ou técnicos do sector público ou privado galego, así como de grupos diversos procedentes de Galicia.

VISITAS DE RESPONSABLES POLÍTICOS OU TÉCNICOS

En termos xerais, a axenda inclúe entrevistas con diferentes responsables das Institucións europeas (Comisión Europea, Parlamento Europeo, Consello, Comité das Rexións e, en menos medida, Comité Económico e Social) e conselleiros da Representación Permanente de España ante a UE, que a Fundación Galicia Europa se encarga de identificar tendo en conta os intereses e a calidade do visitante. O obxectivo das entrevistas é realizar un labor de defensa dos intereses galegos ante ditos interlocutores.

Ademais, sóese incluír na axenda unha visita á oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas que nos permite dar a coñecer as nosas actividades, ofrecer asesoramento técnico en relación con algunha política europea ou coñecer os intereses de quen nos visita para unha mellor defensa no seo da UE.

A estes parámetros responden os programas deseñados para conselleiros e altos cargos da Xunta de Galicia ou outros políticos de relevancia nos seus desprazamentos a Bruxelas, funcionarios varios

da Xunta de Galicia ou de administracións locais, así como representantes de asociacións e entidades públicas ou privadas de Galicia de natureza diversa.

Durante o ano 2004, poden destacarse as seguintes visitas :

- A visita da conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, no mes de xaneiro. A destacar o encontro mantido coa comisaria europea de Educación e Cultura, Viviane Reding.
- A visita a Bruxelas do conselleiro de Innovación, de Industria e Comercio no mes de outubro.



Juan Rodríguez Yuste na súa visita a Bruxelas

- 3 visitas a Bruxelas do conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, nos meses de xuño, outubro e decembro. A destacar o encontro mentido co novo comisario europeo de Pesca e Asuntos marítimos e, en particular, a participación na reunión do Consello de Pesca da UE. Foi unha ocasión, sen dúbida, histórica, por tratarse da primeira vez que un representante das comunidades autónomas españolas participa no Consello de Ministros.



Joe Borg e Enrique López Veiga na Comisión Europea

- Visita da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais no mes de decembro. Destaca o seu encontro co novo comisario europeo de Emprego, Asuntos Sociais e Igualdade de Oportunidades, Vladimir Spidla.



Vladimir Spidla e Belén Prado na reunión mantida na Comisión Europea

Mención aparte merecen os continuos desprazamentos a Bruxelas do secretario xeral de Relacións coa UE e Cooperación Exterior, nas súas tres calidades de responsable dos asuntos europeos no goberno galego, de responsable da Fundación Galicia Europa e de membro suplente do Comité das Rexións.

VISITAS DE GRUPOS

O persoal da Fundación Galicia Europa contribúe de forma activa a elaboración das axendas destas viaxes a Bruxelas en cuxo programa se inclúen visitas ás institucións europeas, á oficina da Fundación Galicia Europa, así como a outros organismos que puidesen resultar de particular interese para o grupo en concreto.

Preténdese, con isto, promover o coñecemento da armazón comunitaria e do seu funcionamento por parte da sociedade galega. Con este propósito, os grupos de visitantes asisten ademais a conferencias ou charlas informativas impartidas nas propias institucións.

- **Visita dos representantes de 9 centros tecnolóxicos galegos (2 e 3 de febreiro e 1 e 2 de marzo):** A iniciativa da Dirección xeral de Investigación e Desenvolvemento de la Consellería de Industria, Comercio e Innovación e contando coa colaboración da Fundación Galicia Europa, representantes de 9 centros tecnolóxicos desprazáronse a Bruxelas en dúas quendas, para manter unha serie de entrevistas con responsables da Comisión Europea e, en concreto, das direccións xerais de Investigación, Empresa, e Sociedade da Información. Ademais, mantiveron encontros co conselleiro científico da Representación Permanente de España ante a UE e cos delegados en Bruxelas do MCYT, CSIC e CDTI.

Os centros participantes foron: o Centro de Supercomputación de Galicia, o Cis-Tecnoloxía e Deseño, o Centro Tecnolóxico Galego da Acuicultura, o Centro Técnico de Conservación de Produtos da Pesca, o Instituto de Electrónica Aplicada, o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia, o Cis-Madera, Aimen e Cetmar.

- **Visita dos delegados das Consellerías da Xunta de Galicia en Ourense (6 ao 9 de maio):** Trasladáronse a Bruxelas para visitar a Fundación Galicia Europa, as Institucións Europeas e a Representación Permanente de España ante a UE.

- **Visita do I.E.S Miraflores de Oleiros ás institucións europeas (13 ao 16 de maio):** Viaxe organizada polo Departamento de Francés do I.E.S. Miraflores de Oleiros, A Coruña, co obxectivo de que 38 alumnos de 3º e 4º da ESO, acompañados por 3 profesores, visitaran as institucións europeas e o concello de Bruxelas. Tamén se celebrou unha visita a Fundación Galicia Europa.
- **Visita da Rede Galega de Cooperación, Emprego e Desenvolvemento (28 de xuño):** Trasladáronse a Bruxelas para reunirse coa responsable da Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea e da Fundación Galicia Europa e tratar a posta en marcha do proxecto “Flexibilizar para mellorar e crecer”, aprobado dentro do eixo IV da Iniciativa Equal. A Rede está integrada polos Concellos de Coristanco, Ordes e Arzúa, a cooperativa Melisanto (Melide, Santiso e Toques), a Federación EFA Galicia, a Asociación para o desenvolvemento dos territorios pola acción local (Adterra) e a Asociación de Mulleres e Familias do Ámbito Rural.
- **Visita dos membros do club Balonmanópolis de Galicia (13 de xullo),** en viaxe cultural por Europa. Trasladáronse a Bruxelas para visitar o Parlamento Europeo e a Fundación Galicia Europa.




Equipa do Club Balonmanópolis diante da sede da Fundación Galicia Europa en Bruxelas

- **Visita dos participantes no proxecto europeo “Participa” da Xunta de Galicia e da Fundación Galicia Europa (9 e 12 de novembro):** Acompañados da directora xeral de Xuventude, Loreto Sanmartín, mantiveron un encontro coa comisaria de Educación e Cultura e o director de Xuventude da Comisión Europea. Ademais, visitaron o Parlamento Europeo e a Fundación Galicia Europa.¹⁰
- **Visita do grupo de estudantes do Máster “Emigración e Retorno” (14 de decembro):** Organizado pola Deputación Provincial de Ourense e a Universidade de Vigo, os estudantes trasladáronse a Bruxelas para visitar a Comisión Europea, o Comité das Rexións e a Fundación Galicia Europa.

¹⁰ Máis información no apartado 2.3. Novos restos e perspectivas. Actuacións en Política de Xuventude - Participa



AXENDA 2005



INSTITUCIÓNS EUROPEAS

XANEIRO

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

FEBREIRO

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28						

MARZO

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

ABRIL

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

MAIO

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XUÑO

L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

AGOSTO

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

SETEMBRO

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

OUTUBRO

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

NOVEMBRO

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

DECEMBRO

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Xaneiro:

10, 11, 12 e 13 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

26 e 27 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

Febreiro:

21, 22, 23 e 24 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

23 e 24 Pleno do Comité das Rexións



Marzo:

- 1 e 3 Comisi3ns do Comit3 das Rexi3ns
- 5 Comisi3ns do Comit3 das Rexi3ns
- 7, 8, 9, e 10 Sesi3n Plenaria do Parlamento Europeo

Abril:

- 11, 12, 13 e 14 Sesi3n Plenaria do Parlamento Europeo
- 13 e 14 Pleno do Comit3 das Rexi3ns
- 22 e 28 Comisi3ns do Comit3 das Rexi3ns
- 26 e 27 Sesi3n Plenaria do Parlamento Europeo

Maio:

- 9, 10, 11 e 12 Sesi3n Plenaria do Parlamento Europeo
- 25 e 26 Sesi3n Plenaria do Parlamento Europeo

Xuño:

6, 7, 8 e 9 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

17 e 18 Comisións do Comité das Rexións

16 e 17 Pleno do Comité das Rexións

22 e 23 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

Xullo:

4, 5, 6, e 7 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

6 e 7 Pleno do Comité das Rexións

Setembro:

5, 6, 7, e 8 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

26, 27, 28 e 29 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

Outubro:

6 Comisións do Comité das Rexións

12 e 13 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

12 e 13 Pleno do Comité das Rexións

21 Comisións do Comité das Rexións

24, 25, 26, e 27 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

Novembro:

16 e 17 Pleno do Comité das Rexións

14, 15, 16 e 17 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

30 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

Decembro:

1 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

1 e 12 Comisións do Comité das Rexións

12, 13, 14, e 15 Sesión Plenaria do Parlamento Europeo

6

Europa en Galicia. ¿quen é quen?

6 Europa en Galicia. ¿quén é quen?

REDE DE INFORMACIÓN EUROPEA EN GALICIA

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rúa dos Feáns 3-5 baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel. 981 54 10 12
Fax: 981 54 10 13
E-mail: santiago@fundaciongaliciaeuropa.org
Internet: <http://www.fundaciongaliciaeuropa.org>

OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA XOVES

Rúa dos Feáns, nº 3- 5 - Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel. 981 54 10 10
Fax: 981 54 10 13
E-mail: informacion.europea.jovenes@xunta.es

CENTRO DE ENLACE PARA A INNOVACIÓN GALACTEA

CIS - DISEÑO E TECNOLOXÍA

C/ A Cabana s/n
15590 Ferrol
Tel. 981 10 21 00
Fax: 981 10 21 02
E-mail: galactea@cisgalicia.org
Internet: <http://www.galactea.net>

ANTENA EUROPEA DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR

Instituto Galego de Consumo
Praza de Europa, 10 A - 2º
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 54 45 12
Fax: 981 54 45 99
E-mail: igc@xunta.es

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN EUROPEA

Universidade de Santiago de Compostela
Faculdade de Ciencias Económicas e Empresariais
Avda. Xoán XXIII, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 56 39 90
Fax: 981 54 70 25
E-mail: cdesec@usc.es ou cdesec2@usc.es
Internet: <http://www.usc.es/cde>

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN EUROPEA

Universidade da Coruña
Faculdade de Dereito
Campus de Elviña, s/n
15071 A Coruña
Tel. 981 16 71 00 Ext. 1628
Fax: 981 29 03 10
E-mail: cde@udc.es
Internet: <http://www.udc.es/iuee/cde>

INFO POINT EUROPA

Deputación Provincial de A Coruña
Alférez Provisional, s/n
15006 A Coruña
Tel. 981 18 33 31
Fax: 981 18 33 54
E-mail: manuel.vazquez@dicoruna.es
Internet: <http://www.dicoruna.es/ipe>

CENTRO DE INFORMACIÓN, DOCUMENTACIÓN E ESTUDIOS COMUNITARIOS (CIDEK)

Alameda, 30-32, 3º
15003 A Coruña
Tel. 981 21 60 72
Fax: 981 22 52 08
E-mail: ccincoruna@camaras.org
Internet: <http://www.camaracoruna.com>

EURO INFO CENTRO E BRE

Confederación de Empresarios de Galicia
Rúa do Vilar, 54
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 555 888
Fax: 981 555 882
E-mail: euroinfo@ceg.es

RELAIS EIC ES 229

Cámara de Comercio, Industria e Navegación
San Pedro de Mezonzo, 44 baixo
15701 Santiago de Compostela
Tel. 981 59 68 00
Fax: 981 59 03 22
E-mail: fbarros@camaracompostela.com
Internet: <http://www.camaras.org>

BIC GALICIA

Edificio IGAPE - Planta 3ª Planta
Barrio de San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 54 68 23
Fax: 981 54 68 32
E-mail: bicgalicia@bicgalicia.es
Internet: <http://www.bicgalicia.es>

CARREFOUR RURAL

Instituto para o Desenvolvemento Comunitario de Galicia
San Pedro de Mezonzo, 48 baixo
15701 Santiago de Compostela
Tel. 981 55 33 90
Fax: 981 59 08 75
E-mail: carrefour@idcdg.com
Internet: <http://www.idcdg.com>

EUROBIBLIOTECAS

EUROBIBLIOTECA DA CORUÑA

Biblioteca Pública "Miguel González - Garcés"

Rúa Miguel González Garcés, s/n

15008 A Coruña

Tel. 981 17 02 18

Fax: 981 17 02 18 / 19

EUROBIBLIOTECA DE LUGO

Biblioteca Pública Provincial

Avda. Ramón Ferreiro, s/n

27071 Lugo

Tel. 982 22 85 25

EUROBIBLIOTECA DE OURENSE

Biblioteca Pública do Estado

Concejo, 11

32033 Ourense

Tel. 988 21 07 00

Fax: 988 21 85 50

EUROBIBLIOTECA DE PONTEVEDRA

Biblioteca Pública

Alfonso XIII, 3

36002 Pontevedra

Tel. 986 85 08 38

Fax: 986 86 21 27



Fotografías:

Fundación Galicia Europa
Pepe Ferrín

Impresión:

GRAFISANT, S.L.

D. Legal:

C-648/04

